




OBRA POÉTICA
de
**FRANCISCO
VALES VILLAMARÍN**

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Fco. Vales V.', with a long, sweeping horizontal stroke underneath.

I

**POESÍA INÉDITA E DISPERSA
EN GALEGO**

ESTUDIO CRÍTICO E EDICIÓN:
CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS
2000

Os dous volumes presentes están no camiño que hai anos emprendemos na investigación e recuperación das figuras literarias da zona de Betanzos. Don Francisco Vales Villamarín, ademais de participar activamente durante moitos anos do século XX na RAG, foi un poeta, en ocasións excelente, que merece terse en conta e figurar na Historia da Literatura Galega. Coa publicación da poesía en galego, facemos realidade o desexo, tantas veces manifestado por Don Sebastián Martínez Risco, de que se publicasen aquelas composicións que Vales utilizaba como tarxetas de felicitación ou nadaís. Coa edición da Obra Poética Completa, queremos mostrar as diferentes facetas dun autor que domina os máis variados rexistros e formas.

Maquetación: Alfredo Erias

© Edición e estudio crítico: Concepción Delgado Corral

© Editorial: Excmo. Concello de Betanzos

Depósito Legal: C-988/2000

ISBN: 84-923797-5-8

Imprime: LUGAMI. Betanzos

Lembranza de Vales Villamarín¹

Tiña nos ollos un anxo
branco e azul como as estrelas,
anxo que alentaba dentro
da súa alma serea.

Ergueito sin repinicos,
como un fidalgo da terra,
era señoril no andar,
era humilde na conversa
porque sabía Don Paco,
alma de bondade chea,
que os berridos dos soberbios
son aturuxos e area.

Máis que Mestre foi un Pai
nas cidades, nas aldeas,
abríndose en caravel
nas Escolas e Academias
onde se facía neno
ou erguía sabio a testa.

Don Paco foi un romeiro
de Galicia a vida enteira,
levando o Ben por bordón,
os escritos por estrelas,
seus nenos por anxeliños
e a Betanzos por vieira.

¹Composición de Enrique Chao Espina, escritor, académico da RAG, e amigo de Vales.



Vales. Debuxo de Alfredo Erias.

Estudio

NOTAS BIOBIBLIOGRÁFICAS

Don Francisco Antonio Vales Villamarín nace en Betanzos o 7 de maio de 1891, no seo dunha familia modesta na que o pai, Don Domingo Vales Crespo, desempeñaba o traballo de nicheiro. Cando tiña poucos meses, morre súa nai, Dona Luísa Villamarín Suárez, casando posteriormente o pai con Dona Xoana Estrada que exercería de nai agarimosa para o rapaz². Desde moi neno manifestouse interesado polo estudio, pola música³, polo teatro⁴ e polo xornalismo, chegando a redactar un xornal elaborado á man que circulaba entre os seus compañeiros de curso. En 1905, con catorce anos, crea e dirixe *Destellos Juveniles*, semanario satírico de Betanzos; aquí publica poemas, utilizando os pseudónimos de Rinmallavi e Selav. Estudia a carreira de Maxisterio en Santiago de Compostela, onde funda a revista pedagóxica *El Normalista*; posteriormente sería redactor do diario *Gaceta de Galicia* da mesma cidade. As súas colaboracións no xornal brigantino *La Aspiración* remóntanse ao ano 1907, na sección titulada «Pasatiempos», se consideramos que El Caballero Artagnán é un pseudónimo seu; en 1909-1910 asina, na sección titulada «Caricias», poemas de tipo satírico que aparecen ininterrompidamente durante un período de dous anos e que nos proporcionan unha boa fonte de material poético baixo o pseudónimo de Efe e posteriormente o que será o pseudónimo preferido, Silvano de Leonisa. Esta mesma sección de «Caricias», desaparecido o xornal *La Aspiración*, seguirá como tal no xornal continuador *Nueva Era* en 1912, aparecendo

²Cfr. o traballo de Alfredo Erias, *Vales Villamarín*, Lembranza no centenario do seu nacemento, Excmo. Concello de Betanzos, Arquivo Municipal, Betanzos, 1991; este folleto foi presentado por Don Xosé Antonio Míguez, presentación publicada posteriormente no *Anuario Brigantino* de 1991, co título de «En el centenario del nacimiento de Don Francisco Vales Villamarín», pp. 279-281. Para os datos biográficos seguimos tamén o traballo de Alfredo Erias publicado na *Enciclopedia Gallega*.

³Don Juan Ponte Blanco foi o seu profesor de música. Vales tocaba o violonchelo, a guitarra e a bandurria. Formaba parte da chamada «Lira Brigantina», onde exercitaba as súas artes musicais.

⁴En Betanzos formaba parte dunha agrupación teatral.

tamén unha nova sección titulada «Películas cortas», asinada por Silvano en Compostela, xa que en 1912 estaba estudiando nesa cidade; esta sección apareceu tamén en publicacións doutras cidades. Tanto en *La Aspiración* como en *Nueva Era*, publica poemas soltos chegando a asinar un deles, «Del Dolor», co seu nome e apelidos. En 1913 empeza a traballar como auxiliar para os traballos literarios da Condesa de Pardo Bazán; dos seus contactos coa grande autora dá conta no traballo «Unos estíos en las Torres de Meirás»⁵. Obtivo por oposición, o título de Mestre de Primeiro Ensino; desde 1917 exerceu a docencia en Franza (Mugardos), e na Coruña no grupo escolar «Teniente médico Sal-Lence», manifestando sempre un grande interese polos avances no campo da pedagogía, baixo a influencia da Institución Libre de Enseñanza e de autores renovadores como Pestalozzi e o psicólogo francés Alfred Binet. Vales iniciou aos seus alumnos no estudio do esperanto, como unha maneira de comunicarse con rapaces estranxeiros mediante o que el consideraba unha lingua universal⁶. Participa na creación da Irmandade da Fala de Betanzos no ano 1917. Como poeta foi premiado coa flor natural nos Xogos Florais celebrados en Lugo no ano 1923. Funda na Coruña, en 1926, o Museo Pedagógico Regional, autorizado por R. O. de 8 de outubro de 1926. En 1948 funda e dirixe o *Anuario Brigantino*, que saíu os anos 1948, 1949 e 1951, volvendo, despois de trinta anos de silencio, en 1981⁷ ininterrompidamente ata hoxe. Desde 1953 facía as veces de secretario da Real Academia Galega, aínda que a designación oficial é do 23 de xaneiro de 1964. Ningunha arte lle foi allea e sempre demostrou interese por todas. As dúas afeccións quizais máis queridas foron o interese pola historia⁸, principalmente pola historia local, manifestado en numerosos traballos que provocarían que fose nomeado cronista oficial da cidade

⁵Traballo publicado na revista *La Coruña, paraíso del Turismo*.

⁶Na cidade da Coruña había un grupo esperantista moi importante, no que estaban Don Galo Salinas e Don Manuel Monteagudo; este último foi un importante propagandista desta lingua.

⁷En 1981, un ano antes de morrer, aparece esta publicación baixo a dirección de Vales Villamarín. O *Anuario Brigantino* de 1982 é unha homenaxe a Vales e está dirixido por Xosé Antón García G. Ledo e José Raimundo Núñez Lendoiro. A partir de 1983 o seu director é Alfredo Erias.

⁸Vales estivo investigando temas históricos nos arquivos de Valladolid e Simancas, becado pola Deputación da Coruña e polo Concello de Betanzos.

de Betanzos en 1940, e o gusto polo traballo poético e por todo o que tivese que ver coa literatura, organizando en 1918 os Xogos Florais de Betanzos nos que actuaría como mantedor D. Juan Vázquez de Mella. Don Francisco Vales Villamarín, secretario perpetuo da RAG, Membro de Número do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, Membro da Sociedade Martins Sarmento de Guimarães, Académico Correspondente da Real Academia Hispanoamericana de Cádiz, Cronista Oficial de Betanzos, Premio Vitalicio da Fundación Pedro Barrié de la Maza, membro de honor do International Research Institute, fillo predilecto de Betanzos⁹, morre en Betanzos o 24 de xullo de 1982. O seu arquivo persoal e a súa biblioteca foron donados pola súa propia vontade e a dos seus herdeiros ao Arquivo Municipal, no que existe unha sala co seu nome.

CONTEXTO HISTÓRICO-CULTURAL

D. Francisco Vales Villamarín, nado nove anos antes de comezos do século XX, vive acontecementos históricos fundamentais da historia política e cultural mundial e da nosa propia historia. No exterior destaca a Grande Guerra, a Revolución de Outubro, o ascenso dos Fascismos, a Dictadura de Primo de Rivera, o Estado Novo en Portugal, a II República e a elaboración do estatuto catalán, o III Reich, a vitoria da Frente Popular e a Guerra Civil Española, a II Guerra Mundial, a etapa do franquismo, a instauración da democracia. No interior, en Galicia, destacan o Agrarismo¹⁰, as Irmandades da Fala, o Nacionalismo, a Xeración Nós, o Seminario de Estudos Galegos, a fundación do Partido Galeguista, o referendo do Estatuto, a represión galeguista, o galeguismo no interior, a chegada da democracia e das autonomías.

1. A política e a prensa local

En 1875, coa restauración da monarquía, comeza un réxime político baseado no bipartidismo consensuado de conservadores e liberais que

⁹Foi nomeado «Fillo Predilecto» da cidade na sesión do 25 de marzo de 1980, título que lle foi entregado o 31 de outubro de 1980. A mesma corporación municipal de Betanzos acordou dar o nome de «Vales Villamarín» ao colexio público desta cidade. A cidade da Coruña dedicoulle tamén unha rúa que leva o seu nome.

¹⁰O agrarismo nace como un movemento de carácter reivindicativo no que se unían as protestas coas que se pretendía rematar co sistema da propiedade da terra en réxime de aforamento e o proxecto de facer unha verdadeira planificación agraria.

se turnan no poder. Unha Constitución axeitada asegura o poder aos «xefes» no plano local, e o «turno» dos dous partidos no plano estatal. O sistema político da Restauración borbónica, segundo moitos historiadores, non sería posíbel sen o fenómeno socio-político do caciquismo, que actúa no sistema electoral en beneficio do «político» que ostenta a representación do feudo en Madrid. Os rexionalismos, cunhas bases moderadas, constitúen un movemento que trata de organizar de forma descentralizada a estrutura política do Estado da Restauración, loitando contra os representantes do poder oficial. Os grupos agraristas de tendencia rexionalista nacen para denunciar que a riqueza non está ben organizada e para defender a concepción diferenciada de Galicia fronte á uniformización que se propoñía desde o poder central, enlazando coa toma de conciencia galeguista que se orixinou na década de 1840 e que chegará ata a concepción nacionalista das Irmandades da Fala en 1916.

O agrarismo é un dos movementos máis importantes de finais do século XIX e comezos do XX. Nas organizacións agrarias diferéncianse dous períodos¹¹, un período anterior ao agrarismo propiamente dito, que algúns historiadores chaman «societarismo» e que vai desde 1868 ata 1886, e o agrarismo que comeza en 1886 e que ten o seu momento máis importante o 28 de xaneiro de 1906 coa promulgación da lei de sindicatos agrícolas, posteriormente completada polo Regulamento do 16 de xaneiro de 1908. Estas leis permitían a asociación dos campesiños en forma de sindicatos. Solidaridad Gallega aparece en 1907 en conexión coa estratexia anticentralista da Lliga Catalana, impulsora da Solidaritat Catalana¹². Era, en realidade, un apéndice do movemento cultural da Solidaridade Galega¹³, figurando entre os seus dirixentes o mesmo Murguía e contan-

¹¹Cfr. Xosé Ramón Barreiro Fernández, *Historia de Galicia*, ed. Galaxia, Vigo, 1981, IV Edade Contemporánea, pp. 301-311.

¹²Cfr. Ramón Villares, *Historia de Galicia*, Alianza Editorial, Madrid, 1986, pp. 172-183.

¹³Solidaridade Galega aparece como un movemento galeguista que partía da experiencia iniciada en Cataluña por Salmerón na creación dun fronte electoral catalanista, Solidaritat Catalana. En Galicia únense carlistas, republicanos, rexionalistas e independentes, todos caracterizados por ser galeguistas e por recuperar o espírito rexionalista. Entre os republicanos destaca o Médico Rodríguez. Dirixindo os carlistas estaba Vázquez de Mella. Os rexionalistas eran os máis activos; baixo a presidencia de Murguía, traballaban Pondal, Galo Salinas, Carré e o sector máis novo e activo composto por Lugo, Golpe, Casares Quiroga e Naveira.

Destellos Juveniles

SEMANARIO SATIRICO

do co apoio de Vázquez de Mella e de Casares Quiroga para a creación de varias organizacións. Solidaridad Gallega, que representaba un agrarismo rexionalista moi vencellado aos intelectuais rexionalistas da Coruña¹⁴, aspiraba a fomentar a riqueza do país e a participar no poder cun sistema político diferente ao sistema de «turnos»; foi ela a que dirixiu as mobilizacións dos campesiños. Betanzos foi un centro importantísimo de Solidaridad Gallega, dando o primeiro impulso na constitución de asociacións de agricultores que se agruparon primeiro por municipios, co centro nesta capital do partido xudicial. Xunto con Don Víctor Naveira Pato, presidente das asociacións de agricultores do partido xudicial de Betanzos, figura Don Antonio Naveira e os señores Barallobre, Caramés, Don Bernardo Miño, Don Domingo Monteavaro e Don Julio Romay. Os liberais, encabezados por Don César Sánchez e Don Agustín García Sánchez, tratan de contrarrestar os efectos das sociedades agrarias, chegando a propoñer a constitución de novas sociedades de agricultores, entre as que destaca, polos conflitos provocados, a de Irixoa, denominada La Honradez, dirixida por D. Adolfo e D. Francisco Sánchez Díaz.

Os solidarios fundan varios xornais como *Galicia Solidaria*¹⁵ e *A Nosa Terra*¹⁶. Neste contexto político, destacan en Betanzos dúas publicacións en castelán, de periodicidade semanal, enfrontadas por di-

¹⁴Entre os intelectuais que se lanzaron á loita agraria estaban Lugo Freire, Salvador Golpe e Rodrigo Sanz.

¹⁵Voceiro semanal do grupo republicano de Solidaridad Gallega, aparece na Coruña o 29 de xullo de 1907 e desaparece en decembro de 1908.

¹⁶Semanario rexionalista, bilingüe, de curta vida, publicado na Coruña entre agosto de 1907 e outubro de 1908.

ferentes pensamentos políticos: *La Aspiración*¹⁷, órgano dos liberais, e *La Defensa*¹⁸, órgano das asociacións de agricultores do partido xudicial de Betanzos, presididas por Don Víctor Naveira Pato, fundador deste semanario. *La Defensa* aparece como unha publicación agrarista que pretende mellorar os coñecementos dos agricultores¹⁹, con normas para os diferentes cultivos e publicando os regulamentos das asociacións de agricultores da zona de Betanzos; o semanario está na liña do rexionalismo, crítica cos liberais e cos conservadores, e ten a aspiración de que este movemento de reivindicación galeguista se consolide nas asociacións de agricultores do partido xudicial de Betanzos. *La Defensa* como Solidaridad Gallega tiñan como finalidade ir contra o caciquismo, ao que consideraban un desatino do centralismo e nefasto para a vida social e económica do país. *La Aspiración*, semanario que aparece dous anos antes de *La Defensa*, no primeiro número do día 3 de abril de 1904, na primeira plana, baixo o titular de «Nuestros propósitos» expoñía as súas intencións, afirmando que non tiñan compromisos cos partidos políticos e que se propoñían ser os defensores de toda causa xusta e censores de todos os atropelos. En realidade este semanario era o portavoz do partido liberal, crítico con Solidaridad Gallega e, polo tanto, adversario do semanario *La Defensa*; moi pronto foi atacada a súa actitude, sendo

¹⁷Co subtítulo de «Periódico Independiente de Esta Localidad», sae por primeira vez o 3 de abril de 1904 e desaparece o 17 de marzo de 1912. En torno a este semanario estaban Bernardo Boni, José Alguero Penedo, José Bartolomé Vidal e Juan Ponte Blanco, que publicaban as súas colaboracións xunto con outras persoas ocultas baixo diferentes pseudónimos.

¹⁸Co subtítulo de «Órgano de las Asociaciones de Agricultores» sae por primeira vez o 5 de agosto de 1906. Desaparece en 1910. Saía os domingos. Ata 1907 estivo na dirección Wenceslao Fernández Flórez e posteriormente Antonio Carballo Tenorio; o administrador era Don Julio Romay. Entre as colaboracións destacan as de Fernández Flórez, Ángel del Castillo, Benito Calderón, Manuel García Faílde, José Fontela Vázquez, Manuel Vázquez Seijas, Pablo Pérez Constanti, Salvador Golpe, Antonio Naveira, José María Riguera Montero, Manuel Murguía e Juan Rof Codina. Xunto á numerosa información agrícola, publícase tamén o regulamento polo que se rexe a Asociación de Agricultores, e tamén, en forma de entregas, o *Refraneiro Gallego Agrícola-meteorolóxico* de Pedro de Merille.

¹⁹Moitos artigos publicados tiñan un carácter didáctico relacionado coa vida do campo, como o cultivo do trigo ou das viñas, os medios para combater a seca ou remedios contra as mordeduras dos cans.

LA ASPIRACION

PERIÓDICO INDEPENDIENTE DE ESTA LOCALIDAD

SUSCRIPCION			INSERCCION	
Año V	Betanzos un mes. 60 pts. Para de otra ciudad, trimestre. . . 2 pts. Extranjeto id. 4 pts.	Betanzos 27 de Diciembre de 1908	Anuncios, comunicados, etc., en los números de anterior a precio convencional.	NUM. 277

acusado polos republicanos de depender dos sectores máis reaccionarios²⁰. *La Aspiración* recibe a propagación en Galicia do movemento iniciado en Cataluña cunha carga crítica contra os rexionalismos, defendendo o centralismo, o que se manifesta no traballo co titular «¿La Solidaridad en Galicia?», asinado por Juan Ponte Blanco o 6 de outubro de 1907 que, entre outras cousas, valora o espírito español por riba do sentimento de ser galegos, facendo unha proclama españolista: «Nosotros, españoles antes que gallegos, y fervorosos amantes de la integridad nacional y fieles adoradores de sus glorias, de sus costumbres y de su lengua, esa lengua tan rica y pródiga en sonidos, tan elocuente en sus expresiones, tan deleitosa cantando amores como imponente fulminando anatemas, tan belicosa cuando excita el amor patrio, como dulce y candenciosa cuando entona sus endechas y que con una sola expresión significa a veces un poema de bellos sentimientos o toda una protesta de abominables pasiones; nosotros, decimos, idólatras de todas estas grandezas patrias, hemos sentido un sentimiento de horror y pena cuando en el Principado catalán, tras nuestros desastres coloniales, de los que allí más que en otra parte alguna de la Península, estaba tal vez, o sin tal vez, gran cantidad de culpa de tales desdichas, como probar podemos y probaremos, si es preciso, en otra ocasión, se profirieron sacrílegos gritos contra la madre patria; y, no solo se gritó, sino que se conspiró también; se blasfemó del nombre de España, se escarneció su bendito pabellón y se vilipendió a Castilla, cuna sacratísima de nuestra lengua y de nuestras glorias». Comentando o Mitin Solidario en Betanzos, cualifica a Solidaridad Gallega como planta

²⁰Este enfrontamento cos republicanos sae á luz no semanario o día 7 de outubro de 1904, nunha carta aberta ao republicano Don Ramón Peón, a quen responden das acusacións de dependencia da igrexa e de sectores caciquís. Asina esta carta Bernardo Boni, quen ataca aos republicanos, afirmando que non foron capaces de soste-lo seu propio xornal *El Bando* e que a súa capacidade como partido político é nula en Betanzos.

exótica en Galicia que forzosamente ten que fracasar, cousa que confirma xa a escasa convocatoria, segundo a redacción, que tivo este mitin do día 6 de outubro de 1907, que contaba coa presenza dos señores Salmerón e Vázquez de Mella. O semanario liberal, baixo o titular de «Una charanga en Betanzos», compara o mitin solidario cunha charanga na que actuaron como mestres Salmerón e Vázquez de Mella, sendo os dirixentes solidarios betanceiros unicamente afeccionados e educandos aos que, un por un, critica con ironía: *«Al efecto reuniéronse unos cuantos educandos en el antiguo Hotel Comercio y distribuyeron los papeles en la siguiente forma: Director del bando, digo de la Banda D. Víctor Naveira, es decir: este señor manejará la batuta como buen católico. Vice-directores: El masón, digo el Sansafón Lolos García y como Caja viva «El Romay». En el secreto está Paz y Vila y resulta que este señor no sabe ni siquiera leer la música. Monteavaro, aún cuando no tenga nada de la última parte de su apellido, está encargado del Depósito. Miño y «El Carés» están encargados de la parte vocal y va a resultar un canto cubano digno de oírse. Para copiadore de música en la Capital de la provincia y mañana en el «Cento Regional», es decir: cuando consiga estar afinada la charanga y salga a esos puntos a dar un nuevo concierto, «foy» nombrado «Xan» Golpe y con esto está dicho todo»*²¹. Neste mitin, presentado por Don Juan Golpe, Lugrís pronunciou o primeiro discurso político en galego²². Baixo o titular de «Triunfo del

²¹La Aspiración, 3 de novembro de 1907.

²²O mitin, celebrado na antiga praza de Arines, debeu constituír un acto grandioso. Deu comezo ás doce menos cuarto e estivo presidido polos señores Salmerón (pai e fillo), Vázquez de Mella, Senante, Odón de Buen, Medina, Rodríguez Martínez, os irmáns Naveira (Víctor e Antonio), Don Jesús Naveira, Don Juan Golpe, Romay, Carré, Casares, e Don José Marchesí. D. Juan Golpe expón o obxecto do mitin, dando as grazas aos agricultores por atender á súa chamada. Lugrís Freire comeza dicindo que falará na lingua galega que aprendeu de súa nai e seguidamente remóntase ao pasado histórico para demostrar que foi en Betanzos onde por primeira vez se levantaron os labregos contra a tiranía. Seguidamente falarán Odón de Buen, Senante, Vázquez de Mella e Salmerón. Destacan, no discurso de Vázquez de Mella, estas palabras: *Si siguiendo este impulso de organización de sindicatos agrícolas y cajas rurales, llegáis a conquistar los municipios, veréis como esta hermosa ría, en vez de llevar las lágrimas de los oprimidos, llevará el cántico glorioso de los que eran esclavos, pero han aprendido a ser libres*. Salmerón, acollido con grandes aplausos, dirixese ao público falando da rexeneración que España necesita e afirmando as decisións do pobo sobre outros poderes: *En estos tiempos, las decisiones del pueblo,*

LA DEFENSA

ORGANO DE LAS ASOCIACIONES DE AGRICULTORES

Año I	Precios de suscripción		Betanzos, 3 de Agosto de 1908	Dirijase la correspondencia literaria a la dirección: Alameda, 9, Coruña. La administrativa al Administrador, D. Julio Romay, Betanzos.	Núm. 1
	BETANZOS al mes 0.90 plus.				
	PROVINCIAIS trimestre . . . 2.70				
	EXTRANJERO semestre . . . 4.00				
	PAGO ADELANTADO				
			Se publica todos los domingos. No se devuelven los originales.		

patriotismo, fracaso de la Solidaridad. ¡Viva España!»²³, o semanario liberal comenta criticamente e con manifesto espírito centralista o resultado electoral que o movemento solidario tivera en Cataluña, resultado positivo, aínda que con descenso de votos pero que o xornal anuncia como un grande fracaso electoral. Entre os continuos enfrontamentos entre os liberais e os agraristas é de salientar o episodio da detención dos señores avogados Don Juan Golpe e Don Víctor Naveira no lugar de Revordelo (Monfero), o día 23 de febreiro de 1908 cando ía comezar un mitin de carácter solidario: foi enviado como delegado do alcalde, Don Manuel García Valeiro, fillo do secretario do concello, ou como o semanario solidario o denomina «muñidor electoral del Marqués de Monfero», para suspender o acto, argumentando que non fora autorizado, sendo os detidos conducidos ao cárcere de Pontedeume; o semanario *La Defensa*, dirixese ao gobernador Señor Crespo de Lara desta maneira: *¡Señor Gobernador! Se gobierna mejor con la cabeza que con la mano. El Marqués de Figueroa no debe estar satisfecho de S.S. Le aconsejamos que para lo sucesivo no se fíe de Vidal, Michiño y Capote. Valen poco intelectualmente*²⁴. As accións violentas increméntanse de tal xeito que

impónense a los poderes. El caciquismo se acabará si os unís en la aldea. Haced que se afirme la integridad de cada región, y el Estado tendrá servidores, no parásitos que la exploten. Porque el pueblo es el soberano, y todo magistrado un servidor. (La Defensa, 7-10-1907).

²³La Aspiración, 20 de decembro de 1908.

²⁴La Defensa, 1 de marzo de 1908. Betanzos, con García Sánchez como intermediario, era un feudo dos Gasset; Pontedeume era o feudo do Marqués de Figueroa e estes feudos non podían ser discutidos. Houbo intentos de imporse ás decisións do Marqués de Figueroa, pero sempre fracasaron. *La Aspiración* encárgase de desmentir a noticia dada polo semanario opositor de que un representante de Betanzos pretendía presentar a súa candidatura a deputado provincial en contra da candidatura de Don Román García, promovida polo Marqués (*La Aspiración*, 24-10-1909)

as autoridades chegan a considerar que a estabilidade política estaba en perigo pola acción das sociedades agrarias, cousa que precipitaría a súa desaparición; no discurso pronunciado por Don César Sánchez Díaz o día 20 de xuño de 1909, aparecendo como representante dos agricultores de Sada, Bergondo, Irixoa e Oza, condea os actos que, segundo el, teñen lugar contra a propiedade particular, e protesta contra as versións, falsas, tamén segundo el, que Don Víctor Naveira e Don Juan Golpe levaron aos deputados de Madrid, afirmando que impera a desorde e a anarquía²⁵. Efectivamente, gracias aos dirixentes solidarios betanceiros, orixinouse unha campaña parlamentaria e xornalística de reparación en favor dos denominados polos xornais agraristas «perseguidos agricultores» das Mariñas de Betanzos o que provocou que os agricultores presos, acusados dos delitos de incendios e ameazas, foran postos en liberdade, ao considerar a Cámara popular que o Xulgado de Betanzos actuara con excesivo rigor.

Os liberais, a través do xornal *La Aspiración*, opoñíanse a Solidaridad Gallega e ó xornal portavoz *La Defensa*. Estas dúas publicacións enfrontadas descualificanse mutuamente²⁶, e utilizan a literatura como arma de crítica, con composicións de tipo dramático, usando a tipoloxía do conto popular²⁷ ou con poemas satíricos²⁸. O semanario liberal anun-

²⁵Neste mitin dos liberais, falou tamén Don Juan Ponte y Blanco, director do semanario *La Aspiración*, destacando estas palabras contra os agraristas: *Se agotó la paciencia y sonó la hora de aplastar a esos calumniadores y revoltosos.* (*La Aspiración*, suplemento ao número 303, 22-6-1909). O semanario *La Defensa* informa sobre a convocatoria dos liberais á que chama «Mitin de caciques» (20-6-1909).

²⁶Chegan a alterar os nomes, así *La Defensa* pasa a ser «La Asofía» e tamén «La Ofensa» para os redactores de *La Aspiración*; esta publicación era denominada como «La Adefesia» polos agraristas. Os insultos ás persoas concretas chegan a ser moi fortes, usando apodos ás veces ofensivos e meténdose nas vidas familiares dos opositores. Especialmente forte é o traballo que co título de «Interview» publica *La Aspiración* o 11 de xuño de 1909.

²⁷Baixo o título de «Historias» e «Historias de la casa maldita», asinadas por El Comendador, o semanario *La Aspiración* publica unha serie de narracións breves, que están dentro da tipoloxía do conto popular, nas que se contan os malos feitos que os irmáns Naveira e outros membros agraristas, segundo os liberais, cometeran con varios labregos. (Vide Suplemento ao número 306 e seguinte).

²⁸As composicións poéticas dirixidas con finalidade satírica entre liberais e agraristas son numerosísimas nas publicacións respectivas.

cia varias veces a morte do seu antagonista que terá lugar en 1910, continuando con forza o semanario *La Aspiración* ata o ano 1912 no que é substituído por *Nueva Era* e, en 1913, por *Betanzos Liberal*. O 26 de novembro de 1911, o semanario *La Aspiración* publica na primeira plana, asinado por X., un epigrama seguido dun epitafio no que se informa da derrota de Solidaridad nas eleccións populares para o concello e do grande triunfo dos liberais: *Epigramas//Porque en estas elecciones/solo un antiliberal/consiguió ser concejal,/trinan las oposiciones./Pues señores, menos mal;/porque de la mala pasta/-como nos dice el refrán,-/un sólo bollo nos basta./Hasta con su propio nombre/está don Víctor reñido,/pues ¿quién hay que no se asombre/de que así llamen a un hombre/que ha sido siempre vencido?//Epitafio//La que yace en esta fosa/es la «Solidaridad»./ que ha llegado a ser famosa/por su vida licenciada/y su horrible fealdad./Murió la desventurada/en lo mejor de su edad;/no murió de enfermedad,/pues, fue muerta a mano airada/por odiar la libertad.*

Solidaridad Gallega, que supuxo a tentativa máis seria por parte da burguesía urbana por reformar o mundo agrario, desaparece en 1912.

2. Vales, colaborador do semanario liberal *La Aspiración*

Vales era redactor do semanario liberal *La Aspiración*, opositor e crítico con Solidaridad Gallega. Que Vales era liberal pode deducirse pola súa participación en agrupacións liberais como a musical «Lira Brigantina», presidida polo liberal Don Adolfo Sánchez Díaz, por ser os seus amigos liberais e polas colaboracións no semanario liberal *La Aspiración* e no semanario continuador *Nueva Era*. Comeza a publicar neste semanario, como colaborador, en xuño de 1907, baixo o pseudónimo de «El caballero Artagnán», se admitimos que é del este pseudónimo, con poemas soltos e na sección titulada «Pasatiempos». Posteriormente, en 1909, neste mesmo semanario e co pseudónimo de Efe asina artigos en prosa, poemas soltos e a sección «Caricias». Silvano de Leonisa é o pseudónimo que adoptará a partir do 20 de febreiro de 1910 e que utilizará en diferentes publicacións. No enfrontamento que sostiñan os dous semanarios, un xove Vales, con 17 anos, toma parte e, baixo o pseudónimo de Efe, escribe un artigo contra o presidente das Asociacións de agricultores, Don Víctor Naveira, titulado «La baba de un tal D. Víctor», dedicándolle palabras nada eloxiosas por considerar que fixera escarnio

de personalidades da cidade²⁹. O feito de que moito máis tarde, en 1978, Vales negue a independencia do semanario *La Aspiración*, afirmando que estivo sempre ao servizo do partido liberal, pode indicar que Vales rexeitaba aquel descoido xuvenil que algunha vez o levara a participar nos enfrontamentos cos agraristas. As súas declaracións sobre o seu paseo polo Cantón Grande, a véspera do mitin, afirmando escoitar entusiasmado a Don Nicolás Salmerón e a Vázquez de Mella³⁰, manifestan o espírito aberto de Don Francisco Vales.

PARTICIPACIÓN NAS IRMANDADES DA FALA

Nada facía sospeitar que o xove Vales, integrado no bando dos liberais e crítico coas sociedades agrarias, fose, uns cinco anos máis tarde, a figura que encabezaría a creación da Irmandade da Fala de Betanzos. Pero así foi, o derradeiro domingo de outubro de 1917, ás tres e media da tarde, daba comezo un mitin organizado polas Irmandades de Ferrol e da Coruña, no Teatro Alfonsetti. Presidía o acto Vales e figuraban, representando aos irmáns de Ferrol, Quintanilla, e pola irmandade da Coruña, Antón Vilar Ponte, Peña Novo e Valcárcel. Vales, entusiasmado, pronunciou o seguinte discurso: *Cidadáns: Eu creo, e vosoutros comigo, que, neste caso, folgan as persentaciós. O distinto fato de inteleutuás galegos que dínase vir hoxe a este antigo e decote nobre pobo, é ben conecido de todos polas súas rexas e honradas campañas rexionalistas dendes da tribuna do libro, dendes do folleto e do xornal. Son os verdadeiros apóstoles da redención galaica; os que saben onde está a raíz do mal que consome a Terra Nosa, a doencia que henche tódo-los seus bentos membros de noxenta podredume; son os sans de espírito, os que arrolan no berce do seu peito a arrecendente frol da sinceridade, a branca azucea da pureza de sentimentos; os que non temen ó ridículo nin ó que dirán das persoas valeiras de senso común; nunha verba, son os homes que nos fan falla. «O pobo que recrama a súa liberdade, a ninguén ofende», dixo non fai moito o eminente e baril nacionalista catalán, señor Cambó. «A liberdade dos pobos non vai contra de ninguén. Soyo poden ofendérense, por iso, os tiráns ou os criados dos tiráns». ¿Por que, pois, Galicia, esta maí amorosa, non ha de conquistar a súa*

²⁹*La Aspiración*, 14 de marzo de 1909.

³⁰En *La Coruña, paraíso del Turismo*, 1978.



"La Lira Brigantina". Ano 1906. Foto cedida por dona Consuelo Veiga Sánchez.

santa independencia, en mal hora roubada? ¿Que razón hai pra que non poida botar de si o peso da homillante escravitú? ¿Por que este sagro rincón, chan de fidalguía, con todo de seu: costumes, tradicións, raza, música, é nespecial, lingua, «ese idioma, compendio dos idiomas», según fermosa fras de Curros, ha de ollar, pasivo, como o malfadado prantígrado do centralismo esnaquiza, reventa a súa divina persoalidade?... Rapaces, chegou a hora; é perciso aporveita-la ocasión. O crarín chámanos á loita, e ¡ay! daquel que se faga o xordo. Oyamos, polo tanto, con relixiosa fe, ós valentes paladíns da outa causa -a quenes saúdo con todo o agarimo da miña yalma nova-, e sigámoslos, na seguridade de que moi presto nos levarán á tan desexada vitoria, pesie ós desleigados y os cativos de corazón. DIXEN³¹. Este discurso debeu caer como unha bomba entre os seus antigos amigos gassetistas e contrarios á política nacionalista de Cambó. Vales, que en varias composicións atacara aos solidarios brigantinos partidarios do rexionalismo, agora sitúase á cabeza do movemento nacionalista que

³¹Texto publicado en *A Nosa Terra*, Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas de América e Portugal, o 30 de outubro de 1917.

constitúen as Irmandades da Fala. Aínda que desde as súas primeiras publicacións utilizara minoritariamente a lingua galega, politicamente non se esperaba o cambio drástico que o fai escribir en novembro de 1916 o poema titulado «A pátreas», situándose na liña defensora da lingua e da terra das Irmandades. Este cambio está provocado, en grande medida, polos contactos que tivo en Santiago de Compostela, cidade a onde se traslada, en 1912, para estudar a carreira de Maxisterio; en Compostela colabora no xornal progresista e liberal *Gaceta de Galicia* facéndose amigo dos redactores e do seu director A. Fernández Tafall; en setembro de 1912 aparece neste diario a sección «Prosistas gallegos», na que publican en castelán, Basilio Álvarez, Enrique Labarta e Villar Ponte, figuras importantes do galeguismo; colaboraba tamén o rexionalista Vázquez de Mella, aínda que este xornal tiña pouco de galeguista, cousa pola que era criticado polo portavoz das Irmandades. O ambiente intelectual galeguista da cidade de Santiago e a oratoria brillante de homes como Porteiro Garea tiveron que influír na conversión nacionalista de Vales. *A Nosa Terra* informa que Vales foi o número un nas oposicións a escolas celebradas na cidade da Coruña, afirmando que esta é unha proba de que a maioría dos mozos cultos está coas Irmandades³². As Irmandades seguían a consigna dos solidarios de ir contra os caciques e, nesta loita, *A Nosa Terra* cita varias veces a cidade de Betanzos e sinala determinados personaxes, non só liberais gassetistas senón tamén agraristas, aos que considera «caciques»³³. Vales era o que «facía arder» a cidade co espírito galeguista e, posicionándose abertamente do lado nacionalista, organiza unha conferencia de Peña Novo en Betanzos na véspera da chegada dos rexionalistas cataláns a Galicia (Xaneiro de 1917). Os cataláns, capitaneados por Cambó, foron recibidos en Betanzos aos

³²30 de maio de 1918, nº 56.

³³" *Até os Césares -non os Augustos- treman como tremaban os veciños de Betanzos cando Betanzos ardeu, A Nosa Terra*», 10 de abril de 1917, nº 39. No número seguinte aclárase que os «Césares» xa non se moven: «*E conste que agora o medo non é porque Betanzos ardera, que non ardeu, nin Deus o queira, pro podemos asegurare que a cibdá brigantiña está que arde e non ó acorde da lira dos Césares*», 30 de xaneiro de 1917, núms. 40-41. O Boletín das Irmandades ataca a eses personaxes que mesmo axudan a facer sociedades agrarias: «*Outros señores; como os Césares, Naveira, etcétera... esto non é máis que unha farsa. Mentras non se acabe cos galos negros, de que fala Cabanillas, soio haberá pitas vítimas dos raposos*», 20 de xullo de 1918, nº 61.

acordes dunha banda de música. Xunto con Vales, figuraban na Irmandade de Betanzos, Xosé Ares e Xosé Babío, que asisten a un mitin celebrado o día 24 de marzo de 1918 en Sada no que falarán Vilar Ponte, Peña Novo e Lugo Freire, acto que recolle *A Nosa Terra* co título de «O imperio dos caciques vai afundíndose»³⁴. A situación de Vales en Betanzos non debía ser demasiado cómoda cando aparecían críticas aos seus antigos amigos nos Boletíns das Irmandades; por outra parte, os antigos amigos liberais procuraban adaptarse aos novos modos políticos, seguindo coa creación de sociedades agrarias, traballo que xa emprenderan na etapa de Solidaridad Gallega, e mesmo pretendían defender un espírito rexionalista. Vales, que comeza a ser citado polos medios de información galeguistas como un dos grandes intelectuais, ao lado de figuras como Otero Pedrayo, vai ter unha curta permanencia dentro das Irmandades, a penas durará un ano. O feito final que provoca a ruptura de Vales coas Irmandades foi a organización dos Xogos Florais na honra de San Roque en agosto de 1918, para os que invita como mantedor a Don Juan Vázquez de Mella, rexionalista vencellado a Solidaridad Gallega, presente naquel famoso mitin de Betanzos e, por esas datas, fundador do Partido Tradicionalista. É posíbel que as Irmandades non visen con bos ollos o feito de que un adversario político centrase este acto cultural cando estaban en xogo as eleccións nese mesmo ano, pero o que provoca a indignación dun sector delas foi o discurso pronunciado por Don Federico Pita Espelósín e a aceptación total deste por parte de Vales. As palabras iniciais de Vales, que co título de «Unhas verbas» encabezaban o libro dos Xogos Florais, que se chegou a editar pero que non se distribuiu porque non se pagou a impresión, son estas: *A «Irmandade dos Amigos da Fala» de Betanzos, entidade integrada por un bon fato de rapaces ateigados de fondo amor á Terra, conxunto de bariles mozos que fixeron un verdadeiro programa daquela luminosa fras do mestre Porteiro, «no orden interior, por enriba de todo, somos galegos, e no internazonal, antes que nada, españoles», contando ca entusiasta e decidida cooperación do seu Conselleiro honorario, Don Federico Pita Espelósín -nobre e disinteresado cabaleiro diste pobo esmorecente- e co moi valioso concurso -que de corazón agradece- de diversas corporazós, sociedades e sinificadas persoalidades españolas, celebrou*

³⁴30 de marzo de 1918, nº 50.

o dezasete do derradeiro mes, con motivo dos festexos que eiquí se fan cada ano na honra do grorioso San Roque, unhos solemnes Xogos Froraes de caraieter eminentemente rexional e, sobor todo, local, xa que son moitos os problemas que se persentan na vida dista vella cibdade, chamada, pola súa historia, situazón topográfica y estratéxica, e por outras razóns máis ó alcance do senso común, a desempeñar un importante papel no porvir, pesi ós espritus indiferentes y a todos aqueles que ollan con vidros afumados o desenvolvemento e desenrolo dista meiga capital das Mariñas, diste fermoso anaco de chan galaico, tan esquencido de propios como por alleos cobizado. Ó mentado torneo cultural concurreu un escolleito prantel de persoas adicadas ó estudio das custións galaicas y en especial das que teñen relación co país betanceiro, suministrando todas elas, en verdade, vastísimo e intresante material pró compreto conocimiento da Galicia e Betanzos, en multitude de aspeitos. E con ouxeto de que tan útiles traballos sexan do dominio dos amantes da nosa Suevia querendosa e diste Brigantium que docemente nos cobixa, danse hoxe á pubricidade, en simpática xuntanza ca diviña oración do ilustre manteñedor do dito Certamen, do inxente Vázquez de Mella, cunhas vibrantes y enxebres cuartillas do apóstol do rexionalismo galego, Don Rodrigo Sanz, e co ben pensado y enxundioso discurso do Sr. Pita Espelosín, que falou no nome da agrupazón organizadora de tan culto festival, na seguridade ausoluta de que tal brillante antoloxía terá de sere do xeneral agrado. Asina pola Irmandade da Fala de Betanzos, o seu presidente, Francisco Vales Villamarín. Este discurso de Vales, entre rexionalista e nacionalista español, ten pouco que ver con aquel pronunciado na constitución da Irmandade de Betanzos, e está en consonancia co pronunciado polo Conselleiro honorario da Irmandade de Betanzos, Don Federico Pita Espelosín, a quen *A Nosa Terra* critica abertamente. A indignación dun sector das Irmandades está provocada non só pola concepción non nacionalista de Galicia, senón tamén pola visión idílica que o señor Pita ten dela e que expón nas seguintes palabras: os he de expresar lo que sentimos los gallegos, lo que ansiamos, lo que esperamos, lo que ha de ser, seguramente, no la redención de Galicia, sino su resurgimiento, porque redimido es el cautivo, y Galicia no ha sido cautiva hasta ahora de otros carceleros, que su propia honradez, su amor al terruño, su respeto a las leyes... Galicia, como región, como reino, ha sabido siempre concurrir con su esfuerzo a la defensa de la independencia nacio-

nal, como cooperó a la formación de su unidad, como sintió las ofensas a la Patria, como se alegró de sus triunfos y lloró sus desgracias³⁵, e tamén pola inexistente atención que dito señor presta á utilización ou defensa da lingua galega, centrándose na cultura local en xeral; o máis grave, para eles, é que se presente como portavoz do sentir da Irmandade de Betanzos: *He aquí como entienden los que forman la Irmandade da Fala en Betanzos, los problemas regionales y locales*. O discurso de Vales, diferente por ser pronunciado en galego, identifícase co discurso en castelán de Pita na concepción de Galicia como rexión e na conciencia de ser nacionalistas españois. *A Nosa Terra*, o 30 de agosto de 1918, co título de «Postal de Betanzos. Frescura de verán», pon en solfa o galeguismo de fondo e forma do señor Pita e critica duramente o seu discurso no que se proclamaba portavoz da Irmandade: *¿Que non percisa Galicia ser redimida? ¿Que a unidade de España é o ideal de Galicia? Amod, señor Pita, xogue co que lle apeteza, pro nunca se lle ocurra faguelo poñendo por enredo o sentimento dun fato de rapaces, que nada teñen que ollar nas súas ambicións*. Este artigo constitúe unha desautorización pública, por parte dun sector das Irmandades, non só do señor Pita senón tamén, indirectamente, do presidente da Irmandade de Betanzos Don Francisco Vales Villamarín; o cese do presidente Vales, que non parecía estar moi de acordo co rumbo político emprendido polas Irmandades, non se fixo esperar, como o proba o feito de que xa non asiste á celebración da 1ª Asamblea Nazionalista de Lugo, en decembro do mesmo ano; como representantes de Betanzos foron Xosé Ares, Ferreira, Peña, Ramos e Mosteiro.

A RELACIÓN CON DONA EMILIA PARDO BAZÁN

Tiña Vales 22 anos cando empeza a traballar como auxiliar dos escritos de Dona Emilia Pardo Bazán, nas Torres de Meirás no verán de 1913, despois de ser recomendado por Don Adolfo Sánchez Díaz e por Don Víctor Valderrama. Desta relación fala no traballo titulado «Unos estíos en las Torres de Meirás»³⁶. Vales chegou a establecer correspondencia

³⁵Discurso de D. Federico Pita Espelosín», en *Xogos Florais*, 1918, Impr. M. Villuendas, Betanzos, pp. 10-18.

³⁶Este traballo de Vales está publicado na revista de Don Regino Barbeito, *La Coruña, paraíso del Turismo*, A Coruña, 1970.

coa autora, conservándose tarxetas postais dela ao betanceiro. Tardiamente, en 1978, Vales empezou a traducir ao galego a obra *El cisne de Vilamorta*, traducción que non rematou. A relación coa autora e coa súa obra durou despois de morta Dona Emilia, a través da participación activa de Vales no Padroado do Museo Emilia Pardo Bazán³⁷, constituído e gobernado polas autoridades da Real Academia Galega³⁸, sendo presidente e secretario os mesmos, Don Sebastián Martínez Risco e Don Francisco Vales Villamarín, e tendo o seu emprazamento no andar principal da casa número once da rúa de Tabernas, onde viviu Dona Emilia; esta casa, xunto cos seus obxectos e os obxectos da casa de Madrid (nº 23 da rúa Goya) foron doados á Real Academia Galega pola filla da Pardo Bazán, Excma. Señora Dona María Nieves Quiroga y Pardo Bazán, marquesa viúva de Cavalcanti. A reunión constitutiva do Padroado tivo lugar o día 25 de setembro de 1959 e foi considerado un feito moi importante a creación do Museo no número 11 da rúa de Tabernas, residencia tamén da Real Academia Galega, porque un grande número de investigadores nacionais e estranxeiros poderían traballar sobre a obra da autora na biblioteca corporativa. O Museo pasou por unha precaria situación económica e a Real Academia Galega, sosténdose a penas a si mesma, non podía socorrerlo; o presidente Martínez Risco e o secretario Vales procuraron, a través de outras persoas e entidades³⁹, as axudas necesarias para a boa marcha do Museo.

³⁷Determinouse solicitar a declaración de entidade benéfico-docente a favor do Museo. A comisión encargada da redacción dos estatutos relativos a esta fundación, así como do regulamento do Museo, estaba integrada por Chamoso Lamas, Quintas Goyanes, Gil Armada e Naya Pérez, para a redacción dos citados estatutos, e Vales Villamarín para a do regulamento polo que se rexiría o Museo.

³⁸O Padroado do Museo estaba constituído por varios membros, sendo os membros da Comisión executiva do mesmo, o presidente, secretario, tesorero e arquivero-bibliotecario da RAG; presidente da Real Academia Provincial de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario; presidente da Comisión Provincial de Monumentos; xefe do Arquivo Rexional de Galicia; Don Julio Rodríguez Yordi, membro numerario da RAG, residente na Coruña; Don Delmiro de la Válgona, correspondente da propia corporación, residente en Madrid e Don Juan Gil y Armada, Marqués de Figueroa, correspondente da citada entidade, residente en Santiago de Compostela.

³⁹As principais entidades que subvencionaron o Museo foron a Diputación Provincial, o Concello da Coruña e a Fundación Barrié de la Maza. A Fundación Barrié concedeu subvencións para a biblioteca e a reconstrución do edificio sede da Academia Galega e do Museo.



Asistentes ao acto de constitución do Patronato do Museo Emilia Pardo Bazán. No centro, a Marquesa de Cavalcanti. O primeiro pola esquerda é Vales.

VALES E A REAL ACADEMIA GALEGA

Vales desde os anos vinte frecuenta a Biblioteca do Círculo de Artesanos e a da Real Academia Galega, iniciando os seus contactos con Don César Vaamonde Lores. A primeira colaboración no *Boletín de la Real Academia Gallega* remóntase ao ano 1931 e é o traballo «A Confraría da Concepción de Betanzos»⁴⁰. Despois da guerra, abriuse unha prolongada paréntese que repercutiu negativamente na actividade e funcionamento da Academia, producíndose numerosas baixas que se cubrirán a finais de 1940. Vales é nomeado Académico Numerario da RAG, sendo presidente Don Manuel Casás Fernández e secretario Don Alejandro Barreiro Noya, na sesión do día 8 de decembro de 1940. Este betanceiro ocupou o posto do académico, tamén da cidade de Betanzos, Don José García Acuña⁴¹. Nunha xunta extraordinaria celebrada na aula

⁴⁰Ano XXVI, númrs. 235-236.

⁴¹*La Voz de Galicia* do 17 de xaneiro de 1941 fala do novo académico así: *La Real Academia Gallega que con tanta justicia ha procedido en la elección de Académicos nombrando a lo más selecto de la intelectualidad gallega para las vacantes existentes en la Corporación, recibió como Numerario al eminente pedagogo y distinguido literato e historiador don Francisco Vales Villamarín.*

magna da Universidade de Santiago de Compostela o día 27 de xullo de 1941, presidida polo Rector Ruíz del Castillo por delegación do Ministro de Educación Sr. Ibáñez Martín, constituíronse os dezanove académicos de número que, xunto con Vales, eran Don Salustiano Portela Pazos⁴², Don Gonzalo Brañas Fernández⁴³, Don Xesús Carro García⁴⁴, Don Florentino López Cuevillas⁴⁵, Don Celestino Sánchez Rivera⁴⁶, Don Xosé Baldomir⁴⁷, Don Manuel Vázquez Seijas⁴⁸, Don Fermín Bouza Brey⁴⁹, R. P. Samuel Eiján⁵⁰, Don Rafael González Villar⁵¹, Don Gonzalo López Abente⁵², R. P. Atanasio López⁵³, Don Xosé Filgueira Valverde⁵⁴, R. P.

⁴²Deán da Catedral de Santiago e investigador de arte e historia. Ocupou a vacante de Don Félix Estrada Catoira.

⁴³Doutor en Ciencias e ex catedrático de instituto na Coruña. Ocupou a vacante de Don David Fernández Diéguez.

⁴⁴Arqueólogo e Delegado do Patrimonio Artístico Nacional en Santiago. Ocupou a vacante de Don Salvador Cabeza de León.

⁴⁵Integrante da Xeración Nós, do cenáculo ourensán; prehistoriador e etnógrafo. Ocupou a vacante de Don Eugenio Carré Aldao.

⁴⁶Publicista e arquivista, conservador do Gran Hospital Real de Santiago. Ocupou a vacante de Don Leandro de Saralegui.

⁴⁷Mestre compositor da Coruña. Ocupou a vacante de Don Indalecio Varela Leucano.

⁴⁸Arqueólogo, Secretario na Comisión de Monumentos de Lugo. Ocupou a vacante de Don Manuel Amor Meilán.

⁴⁹Escritor de Vilagarcía, estudioso, xuíz, membro de diversas academias. Ocupou a vacante de Don Pablo Pérez Costantí.

⁵⁰Historiador, do Colexio Franciscano de Santiago. Ocupou a vacante de Don Jaime Solá Mestre.

⁵¹Arquitecto da Coruña, Presidente da Academia Provincial de Bellas Artes. Ocupou a vacante de Don Antonio Vilar Ponte.

⁵²Escritor de Muxía, poeta en galego. Ocupou a vacante de Don Manuel Lugo Freire.

⁵³Autor dunha importante produción histórico-literaria. Ocupou a vacante de Don Xesús Rodríguez López.

⁵⁴Catedrático de Pontevedra, arqueólogo e Director do Museo Provincial de Belas Artes. Ocupou a vacante de Don Casto Sampedro.

Aureliano Pardo⁵⁵, Don Antonio Couceiro Freijomil⁵⁶, Don Ramón María Aller⁵⁷, Don Paulino Pedret Casado⁵⁸, Don Fernando Cortés Bugía⁵⁹. Nesta sesión extraordinaria, o secretario da RAG, Don Alejandro Barreiro, conxugando o galeguismo cun sentido de España suficiente como para non ofender ás autoridades, deu unha necesaria explicación da historia da Academia e da situación na que se encontraba despois da guerra, resumindo a finalidade da mesma nestas palabras: *La Real*

Academia Gallega cumple treinta y seis años de su fecunda vida, consagrada por entero a enaltecer y glorificar el nombre de Galicia, dentro de un acendrado culto a España. Su misión, determinada desde 1905, es la de cultivar, hoy como ayer, aquellos estudios que mejor puedan contribuir al conocimiento de la Historia, Antigüedades, Lite-



Anotacións de Vales sobre a forma e o tamaño do escudo da Real Academia Galega, para enviar á Imprenta Roel.

⁵⁵Dominico de Padrón, profesor de Historia. Ocupou a vacante de Don Amador Montenegro.

⁵⁶Pedagogo, investigador e escritor de Ourense. Ocupou a vacante de Don Xosé Vega Blanco.

⁵⁷Matemático, astrónomo e Director do Observatorio de Lalín. Ocupou a vacante de Don Rafael Pérez Barreiro.

⁵⁸Licenciado en Ciencias Históricas, publicista e profesor da Universidade de Santiago. Ocupou a vacante de Don Manuel Díaz Sanjurjo.

⁵⁹Director da Escola de Arte e Oficios da Coruña, autor dos monumentos a Murguía e Pondal. Ocupou a vacante de Don Fernando Martínez Morás.

*ratura y Lengua de la Región*⁶⁰. Recuperar o traballo da Academia e cubrir as numerosas vacantes producidas nos últimos anos foron as finalidades principais expostas⁶¹. Polo alto número de elixidos, houbo que prescindir dos actos individuais de recepción e ingreso, tendo que solicitar a autorización expresa do Ministro de Educación. No nome de todos, tomou a palabra Fermín Bouza Brey, lembrando os méritos dos académicos falecidos, substituídos por eles. A continuación leu o seu discurso de ingreso «La mitología del agua en el Noroeste hispánico». No nome de Don Antonio Rey Soto, enfermo, contestoulle o presidente Casás. Na década dos corenta, Casás, del Castillo e Barreiro eran o presidente, tesoureiro e secretario da Academia, respectivamente. As augas estaban revoltas no seo da institución académica, existindo disensións entre os seus membros de ideoloxías ben dispares. O presidente Casás manda a varios compañeiros unha carta informándoos de que recibira da subsecretaría do Ministerio de Educación unha comunicación que dicía que, vista a reclamación formulada por varios membros contra o funcionamento actual da RAG, e os informes emitidos polo Gobernador Civil da Coruña e a Asesoría Xurídica do Departamento Ministerial de Educación, o citado Ministerio resolvera: 1º Que a RAG dependía única e exclusivamente da autoridade dese Departamento Ministerial. 2º Nomear ao Rector da Universidade de Santiago de Compostela D. Luis Legaz Lacambra, Delegado especial deste Departamento dentro da Academia Galega, para que procedese á constitución da Xunta de Goberno da mencionada Academia, quedando en suspenso todos os acordos adoptados por esta, a partir da data de 24 de xullo de 1941 ata o momento presente. O asunto tiña, como ben sabía o presidente Casás, unha grande transcendencia para a marcha da Corporación, supoñía o cese da, naquel momento, actual xunta de goberno formada por Manuel Casás como presidente, del Castillo como tesoureiro e Alejandro Barreiro como secretario, sendo substituídos pola Xunta de Idade formada por Eladio Rodríguez González, Manuel Bonet Fontenla e Ramón de Artaza y Malvárez, presidente, tesoureiro e secretario, respectivamente. Esta substitución realizouse na sesión extraordinaria de 19 de xuño de 1944, baixo

⁶⁰Acta da Xunta Extraordinaria do 27 de xullo de 1941.

⁶¹Despois de realizarse as propostas dos 19 candidatos, faleceron os académicos Don Rafael González Villar e Don Marcelo Macías, quedando dúas vacantes sen cubrir.



Membros da Real Academia Galega que asistiron á Xunta Xeral Ordinaria celebrada na Universidade Compostelana o día 13 de decembro de 1942. Vales é o segundo pola esquerda, de pé.

a presidencia do rector, delegado especial do Ministerio de Educación. O secretario cesante, señor Barreiro, fixo constar en acta a súa desconformidade e a dos seus compañeiros da Xunta cesante coa maneira coa que foran destituídos, sen terse formulado cargos contra eles e estando fóra da localidade o Presidente Casás. A primeira sesión desta Xunta de Idade celébrase o día 23 de xuño de 1944, catro días despois de ser elixida, para tomar tres acordos: revalidar o nomeamento do Xeneralísimo Franco como Presidente de Honor, proposta de ratificar tamén a posesión colectiva de académicos numerarios efectuada en Santiago o 27 de xullo de 1941, aínda que deixan en suspenso toda outra decisión a partir do 24 de xullo de 1941. É posíbel que existisen disensións entre os membros da Academia en relación con estes puntos; en relación co nomeamento dos académicos, entre os que estaba Vales, podía considerarse que o acto fora contrario ao previsto nos Estatutos da Corporación, porque debería terse realizado no domicilio social da Coruña. A Xunta de Idade resolve positivamente estes nomeamentos alegando a circunstancia excepcional de ter sido presidida esta sesión polo Rector da Universidade como delegado do Ministro de Educación e polo res-

pecto debido a este. O día 15 de outubro de 1944 celébrase unha Xunta Extraordinaria, baixo a presidencia do delegado especial do Ministerio, Rector Don Luis Legaz Lacambra, para a elección dos cargos directivos definitivos, dando como resultado a votación: Presidente, Don Manuel Casás Fernández, Secretario, Don Alejandro Barreiro Noya, e Tesoureiro, Don Ángel del Castillo López, a mesma xunta directiva que funcionaba anteriormente. Conforme á proposta da Xunta de Idade, acordouse a revalidación, xa notificada, dos nomeamentos de Académicos de número en suspenso por disposición ministerial de 16 de maio de 1944. A historia deste nomeamento colectivo, no que figuraba Vales, foi así ben dilatada e controvertida.

A partir da Xunta Extraordinaria de 18 de decembro de 1947 Vales fai as veces e asina as actas no lugar do secretario Barreiro por enfermidade deste. Na Xunta Extraordinaria para a recepción do numerario electo Aquilino Iglesia Alvariño, Vales actúa e figura como secretario interino. Na Xunta Ordinaria celebrada o 17 de abril de 1949, por unanimidade agás un voto a favor de Don Leandro Carré Alvarelos, Vales resultou elixido secretario perpetuo da Corporación, traballo que viña realizando con carácter accidental na enfermidade de Don Alejandro Barreiro e interinamente desde a morte deste. Como secretario desta entidade o seu labor foi o de organizar actos e reunións, redactar as actas e tamén as notas de prensa. Como home moi ordenado preparaba os puntos a tratar e resumía primeiro as intervencións dos académicos. Na RAG consérvase unha lista de nomes de autores que, segundo Vales, podían ser propostos para a celebración do Día das Letras Galegas, figurando entre eles autores da zona de Betanzos como Salvador Golpe, Fernando García Acuña, Xohán Vicente Viqueira ou Manuel Lugo. Na Academia entrou en relación coa intelectualidade galeguista do seu tempo. Intervén en asuntos de grande transcendencia como na solitude de provisión da Cátedra de Lingüística e Literatura Galegas na Universidade de Santiago de Compostela, sendo presidente Don Sebastián Martínez-Risco⁶².

⁶²Este asunto foi tratado en sesión ordinaria da RAG estando presentes os académicos Carré Alvarelos, D. Xosé Luis Bugallal Marchesí, Rafael Dieste, Chamoso Lamas, Torre Enciso, Parga Pondal, Chao Espina, Ramón Piñeiro, Xosé María Álvarez Blázquez, Anxel Fole, Xesús Taboada Chivite, Carvalho Calero, Antonio Fraguas, Fermín Bouza Brey, Ferro Couselo, Manuel Vázquez Seijas, García Gales, Ramón Artaza e o propio Vales.

Participou activamente no deseño do escudo da RAG, anotando nunha folla co debuxo os milímetros que debería ter de diámetro para levar a imprimir á Imprenta de Roel. Participou nos debates sobre a normativa da lingua galega insistindo desde os primeiros momentos na urxencia de establecer a ortografía⁶³, formou parte, ao lado de Don Leandro Carré, Don Ramón de Artaza, Don Gonzalo López Abente e Don Ángel del Castillo, da comisión nomeada para estudar a posibilidade de publicar o poema épico *Os Eoas* de Eduardo Pondal⁶⁴.

RELACIÓNS COA CULTURA PORTUGUESA

Don Francisco Vales Villamarín manifestou un grande entusiasmo pola cultura portuguesa e polos escritores lusos, cousa que herdou do seu mestre D. César Vaamonde Lores, profesor do Instituto de Estudos Portugueses de Madrid, membro correspondente de diversas asociacións culturais de Portugal e introductor de moitos intelectuais portugueses na Corporación⁶⁵. A RAG, a partir do seu primeiro presidente Manuel Murguía, tratou de incorporar como membros correspondentes a moitos intelectuais portugueses. O *Boletín da Real Academia Galega* do mes de setembro de 1943 está dedicado a Portugal como recordo da entrega á Corporación da Medalla conmemorativa do Centenario da fundación e restauración da nacionalidade lusitana⁶⁶. Abre este volume un soneto en castelán de Don Sebastián Martínez Risco enunciando as glorias de

⁶³Vales, nun primeiro momento, estaba de acordo coas teses de Ramón Piñeiro en ir avanzando progresivamente, o primeiro sería estudar a realidade lingüística para conseguir o coñecemento dos feitos, o segundo sería reducir a multiplicidade polimórfica e o terceiro a elaboración da gramática. Vales engade unha cuarta fase que consistiría na publicación das normas ortográficas.

⁶⁴O día 24 de xullo de 1954, presentan un informe á Xunta Xeral da RAG, informanda da dificultade da publicación, finaliza así: *Por todo lo expuesto consideramos dificilísima la publicación del poema de Pondal Os Eoas, lo que es de lamentar, pues todos quisiéramos que esta obra pudiera darse a luz*

⁶⁵Jesús Carro García escribe unha carta a Don César Vaamonde Lores para que interceda polo escritor de Braga A. Garibaldi, cousa que el, gustosamente, fará.

⁶⁶Nesta homenaxe do goberno portugués á RAG, o día 1 de maio de 1943, no salón de actos desta institución, celebrouse a entrega, polo Cónsul de Portugal na Coruña, da Medalla de honor á Corporación pola súa valiosa colaboración nos traballos do Centenario.

Portugal e un poema en galego do Padre Eiján dedicado ao río Miño. Neste número extraordinario de exaltación da cultura portuguesa aparecen traballos de Carré, Casás Fernández e Otero Pedrayo. Por este volume extraordinario podemos saber cantos e cales eran, neses anos, os académicos correspondentes portugueses, os daquela actuais e os xa falecidos. Como membros actuais figuraban: Augusto Cardoso Pinto, Eugénio de Castro Almeida, Mario Cardoso de Vasconcelos, José Augusto Ferreira, José Augusto do Amaral Frazão de Vasconcelos, José Cervaens Rodrigues, Júlio Dantas, Juan Maria Ferreira, José A. Garibáldi, Mário Gonçalves Viana, Júlio dos Reis Lemos, Eugénio Augusto dos Anjos Jalhay, Francisco Soares de Lacerda Machado, António Augusto Esteves Mendes Corrêa, Abilio Leopoldo Motta-Ferreira, Gervasio Lima, Armando Manuel de Lemos de Matos, Carlos de Passos, Alfonso do Paço, Joaquim Rodrigues dos Santos Júnior, Manuel Joaquim Rodrigues Monteiro. Os membros falecidos son Alberto Bessa, Júlio dos Santos Jesus, Joaquim Teófilo Fernandes Braga, António Antunes Vieira, António de Portugal de Faria, José Leite de Vasconcelos, José Joaquim Nunes, António José de Souza Barroso, José Júlio Gonçalves Coelho, Juan Cayetano da Silva Campos. A data máis antiga dos elixidos remóntase ao ano 1905 e nela figuran Alberto Bessa, Joaquim Teófilo Fernandes Braga, José Leite de Vasconcelos e Juan Cayetano da Silva Campos. O éxito desta publicación foi moi grande, recibindo o presidente da Corporación, D. Manuel Casás Fernández, felicitacións de diversas personalidades, especialmente de Portugal, felicitacións que o presidente transmite a Vales polos esforzos empregados na elaboración deste traballo⁶⁷. D. Francisco Vales, coordinador dos traballos para o *Boletín*, propuxo para Correspondentes da Corporación a varios intelectuais portugueses, como é o caso de Motta-Ferreira⁶⁸, proposta que suscribe o día 14 de setembro de 1942; Mário de Vasconcelos Cardozo⁶⁹ e Alberto V. Braga, propostas,

⁶⁷Entre as felicitacións recibidas na Academia pola publicación deste *Boletín* extraordinario dedicado a Portugal, figuran as do xefe do Estado Portugués, Xeneral Carmona, e as do xefe daquel goberno, señor Oliveira Salazar, así como as do xefe da Casa Civil do Xeneralísimo Franco.

⁶⁸Publicista e poeta, autor do libro de sonetos *Lágrimas* e do estudio *O amor de Dante e Beatrice*.

⁶⁹Mário de Vasconcelos, o 12 de febreiro de 1943, escribe unha carta a Vales dándolle as grazas por ter apoiado a súa candidatura: *Foi com a maior e a mais agradável*

estas dúas últimas, que suscribe conxuntamente con D. Ángel del Castillo e D. Fermín Bouza Brey; para Académico de Honor Vales propón ao Doutor Gustavo Cordeiro Ramos, presidente do Instituto para a Alta Cultura de Portugal⁷⁰; apoia ao Dr. Hernani Cidade, catedrático da Universidade de Lisboa e a Don Manuel Seabra, vicepresidente da Cámara Municipal de Matosinhos, para a proposta de académicos correspondentes na Xunta Ordinaria de 22 de outubro de 1967⁷¹. Esta postura de acercamento a Portugal xa fora practicada por Don Andrés Martínez Salazar⁷², moi relacionado con Leite de Vasconcelos,⁷³ e defendida con paixón polo académico compañeiro de Vales, Fermín Bouza Brey. Bouza e Vales están seguindo a posición de D. César Vaamonde Lores e así, en carta enviada por Bouza Brey a Vales, con data do 19 de decembro de 1942, en relación coas propostas de correspondentes nas persoas de Alberto V. Braga e de Cardozo, dille que hai que mirar que non fosen xa nomeados anteriormente, a proposta de Don César: *Hay que fijarse que una de ellas, la de Alberto V. Braga, no sé si fué apuntada y tambien hay que mirar ahí en la lista de correspondientes de atrás no*

surpresa que recebi a comunicação da minha nomeação de membro correspondente da Real Academia Gallega, por benévola proposta firmada por V. Exc^a e pelos meus prezados Confrades e Amigos Señores Don Ángel del Castillo e Don Fermín Bouza Brey.

⁷⁰Acórdase o seu nomeamento na Xunta Ordinaria celebrada o 27 de marzo de 1950.

⁷¹Bouza Brey pretendía fortalecer as relacións entre Galicia e Portugal. Realiza xestións para a publicación do Documentario Medieval Galego, ofrecéndose xenerosamente a realizar esta publicación a Cámara Municipal de Matosinhos, no ano 1966, cousa que agradece Vales, apoiando a nominación do vicepresidente desa cidade onde no ano 1963 se celebrara o I Coloquio de carácter cultural e etnográfico no que participaran varios académicos. A relación da Academia coa cidade de Matosinhos foi intensa, asistindo a xunta de goberno da institución, invitada polo presidente da Cámara Municipal, á sesión conmemorativa do centenario do nacemento do grande poeta António Nobre, celebrada o día 18 de outubro de 1967 na Sala Capitular daquel Palacio Consistorial. Matosinhos reedita en 1978 o traballo de Vales *Contribución al estudio de los gremios brigantinos. Las danzas de labradores y mareantes*, publicado en Betanzos en 1965.

⁷²En Viana do Castelo, o Instituto Histórico do Miño, ao informarse da morte de Martínez Salazar, dispuxo que no seu edificio ondease a bandeira a media hasta.

⁷³Don Eduardo Martínez Morás, fillo do que fora presidente da Academia, D. Andrés Martínez Salazar, enviou varios autógrafos de importantes personalidades portuguesas, para o Museo corporativo.

vaya a suceder que repitamos nombres, pues, especialmente Cardozo y Braga, tenían relación con D. César (q.e.p.d.) y pudo meterlos ya, siendo de mal efecto una nueva comunicación. Nesta mesma carta, Bouza Brey proponlle facer para o aniversario da morte de Leite de Vasconcelos un número extraordinario, reunindo os *Boletíns* dun trimestre e pedindo a súa colaboración cun artigo de investigación. Bouza encargárase de facer unha publicación con este material; nunha nova carta, do 27 de marzo de 1943, diríxese a Vales afirmando que xa ten no seu poder artigos para compor o número extraordinario en honor de Leite, que espera outros e que non quere prescindir dun traballo del; en carta do 6 de xuño de 1943, comunícalle que escribiu unha carta a Casás que é tamén para el, na que expón as razóns polas que non fai entrega dos traballos recollidos por el para o número extraordinario e informándoo do disgusto que lle causou o anuncio dos temas para un concurso, pois considera que a Corporación perdeu unha boa ocasión de empuxar a xuventude galega no estudio das cousas de Galicia. En carta do 17 de setembro de 1943, despois dunha operación motivada por un desprendemento de retina, Bouza escribe a Casás, del Castillo e Barreiro insistindo na publicación deste número dedicado a Leite, restrinxindo o seu desexo ao mínimo, é dicir, que sexa un número ordinario e non extraordinario do *Boletín*. Conclúe esta carta pedindo que non confundan o *Boletín* dedicado ao acto de entrega da Medalla portuguesa co *Boletín* que estaría dedicado a Leite de Vasconcelos. A pretensión de Bouza Brey de publicar un número do *Boletín* dedicado a Leite non chegou a materializarse; os motivos puideron ser de tipo económico, aínda que tamén influiría que as augas estaban revoltas na Academia, como se pode observar pola orde do subsecretario do Ministerio de Educación para formar a Xunta de Idade que sinala o regulamento e polas cartas de Bouza Brey a Vales nas que se fai alusión ás disensións entre os académicos.

A relación con Portugal continuará, chegando a celebrarse unha sesión plenaria da RAG na cidade de Braga, os días 29 e 30 de outubro de 1955, estando presentes nela a case totalidade dos intelectuais portugueses, membros Correspondentes da mesma. A esta sesión non puideron asistir o presidente Don Manuel Casás Fernández debido á súa avanzada idade e o secretario Don Francisco Vales Villamarín, por estar enfermo. Fixo de secretario Don Joaquín Lorenzo Fernández e de presidente Don Salustiano Portela Pazos. Na primeira sesión, o doutor Sergio da Silva Pinto pronunciou un discurso titulado «Palavras de louvor à

Galiza»; seguidamente Don Leandro Carré Alvarellos leu unha «Memoria dos primeiros portugueses que pertenceron á nosa Academia»⁷⁴. Continuaron as comunicacións, a do doutor Fernando Pires de Lima, «O romanceiro galaico-portugués», a do doutor Salustiano Portela Pazos, «Generosidad lusitana» e a do señor Hugo Rocha, «Comunicações de ordem prática». Na segunda sesión, pronunciou unha conferencia Don Sebastián Martínez Risco e a comunicación «As belezas e glorias da Galiza» do Doutor Luis de Almeida Braga. Na terceira sesión léronse as seguintes comunicacións: «Una revista luso-española» de Don Enrique Chao Espina; «Relações culturais luso-espanholas» do Doutor Mário Gonçalves Viana; «Distribución de xugos na Galiza» de Don Joaquín Lorenzo Fernández; «Unha equivalencia lírica entre Teixeira de Pascoaes e Rosalía de Castro» de Don Sebastián Martínez Risco; «Elementos para o coñecemento paleontolóxico da região minhota» do Doutor Joaquim Pais de Vilas Boas; «Cultura Galega-Portuguesa» do Doutor Augusto César Pires de Lima; «Sobre necrópolis de época sueva en Galicia» de Don Manuel Chamoso Lamas; «Prehistoria e Historia» de Don Florentino López Cuevillas; «Compostela e a Arca Marmórica» de Don Xesús Ferro Couselo; «Teixeira de Pascoaes e a fraternidade luso-galaica» e «As festas e romerías no intercambio galaico-minhoto» de Don Xosé Crespo; «Relaciones culturales entre Galicia y Portugal» de Don Xosé Luis Bugallal; «La Prensa y la Radio, medios de intensificación de las relaciones luso-gallegas» de Don A. Lopes de Oliveira; «Un soneto de Camoens que conjuga lo gallego y lo minhoto, lo portugués y lo hispánico» de Don Xosé Filgueira Valverde. Finalmente, o membro Correspondente A. Garibaldi, deu a coñecer unha fermosa composición poética, titulada «Ode a Galiza». Pechou esta sesión Don Ramón Otero Pedrayo que, como en outros discursos, fixo un verdadeiro himno á comunidade cultural, literaria e filosófica galego-portuguesa.

Vales asiste, en representación da Academia, ás solemnidades celebradas en Braga con motivo do XIII centenario da morte de San Fructuoso no ano 1962.

⁷⁴Don Leandro Carré fora invitado, en 1955, polo grupo de intelectuais bracarenses que integraban o Consello de Redacción da revista *4 Ventos*, do que tamén formaba parte Carré na delegación de Galicia, para pronunciar unha conferencia sobre a lingua galega na cidade de Braga, sendo tamén invitado polo Museo de Etnografía do Porto para falar sobre a literatura galega.

Pola súa postura de aproximación de Galicia a Portugal, por estimular as asambleas Luso-Galaicas⁷⁵, Vales foi nomeado socio de honor da Sociedade «Martins Sarmiento» de Guimarães.

O ANUARIO BRIGANTINO

En 1948 Don Francisco Vales funda e dirixe o *Anuario Brigantino*, publicación editada polo Concello de Betanzos, que saíu os anos 1948, 1949, 1951, volvendo, despois de trinta anos de silencio, en 1981 sen interrupción ata hoxe. En 1981, un ano antes de morrer, reaparece esta publicación baixo a dirección de Vales Villamarín. Aínda que o *Anuario* aparece co subtítulo de «Historia. Etnografía. Bellas Artes. Administración municipal. Actualidades», o académico Vales soubo combinar nesta publicación os traballos de tipo histórico con traballos literarios, aparecendo investigadores e autores de creación importantes a nivel de Galicia. O interese de Vales pola literatura maniféstase na importante cantidade de traballos publicados: poemas del mesmo e de autores galegos relevantes como Xosé M^a Díaz Castro cos poemas premiados nos Xogos Florais de Betanzos no ano 1946; textos de *La Mariñana* de Don Xosé García Acuña e lembranza deste autor feita por Antón Villar Ponte; o conto de Ramón Villar Ponte titulado «Mandeu», premiado nos citados Xogos Florais, o conto de Manuel Roel titulado «O cabaliño branco»; poemas en galego de Fernando García Acuña e de Johan Vicente Viqueira; descrições de Betanzos feitas por Murguía, Don Andrés Martínez Salazar, Xoán Naya ou Cunqueiro, xunto co texto en galego de Ramón Villar Ponte; texto en prosa de Don Ramón Otero Pedrayo sobre o betanceiro Don Xosé M. Ferreiro. Traballos de importantes autores galegos xa falecidos e outros compañeiros e amigos de Vales. O *Anuario Brigantino* de 1982 é unha homenaxe a Vales e está dirixido por Xosé Antón García G. Ledo e José Raimundo Núñez Lendoiro. A partir de 1983 o seu director é Alfredo Erias e van editados 21 números, sendo o último o correspondente a 1998. Ultimamente obsérvase unha maior preocupación pola literatura galega e polas relacións culturais entre Galicia e Portugal conectando co pensamento de Vales.

⁷⁵A terceira asamblea celebrouse en Braga en 1968.

PSEUDÓNIMOS RECOÑECIDOS E ASUMIDOS

Don Francisco Vales Villamarín asinaba as composicións poéticas feitas para publicar en revistas ou xornais cun pseudónimo, reservando o seu nome propio para certas composicións consideradas poeticamente superiores, como as Estampas Betanceiras; o nome de Francisco Vales, moitas veces era representado por un V. Os primeiros pseudónimos utilizados por Vales son Rinmallavi e Selav, formados a partir da utilización das sílabas dos apelidos ao revés, cos que asinaba as composicións primeiras publicadas no semanario satírico *Destellos Juveniles*. En 1907, no semanario *La Aspiración*, aparece asinando unha sección de pasatempos El caballero Artagnán, pseudónimo que xa aparecía no ano 1899 na *Revista Gallega* de Don Galo Salinas, na sección de pasatempos e charadas. Efe será un pseudónimo utilizado durante dous anos por Vales na sección «Caricias» do semanario *La Aspiración*, convertíndose en Efe/Ge cando a composición presenta unha estrutura en forma de diálogo; posteriormente aparece na mesma sección do citado semanario o seu pseudónimo preferido Silvano de Leonisa co que asina poesías menores e outras literariamente máis importantes. El Caballero Artagnán aparecía na mesma sección de pasatempos con solucións que posteriormente asinará Efe, sendo as charadas semellantes. El Caballero Artagnán asina ademais de pasatempos, un soneto dedicado a Don Pedro de Miranda⁷⁶, un poema en prosa titulado «La verbena de hoy»⁷⁷ e tres composicións en forma epistolar co mesmo título de «Carta de un excursionista»⁷⁸; nestas composicións o autor métese con Don Víctor Naveira, líder agrarista que lle responderá no artigo titulado «Me haceis sonreír», publicado no semanario *La Defensa*, identificándoo como un xove e inexperto poeta. Tanto o poema en prosa como o soneto presentan as características destas composicións utilizadas tantas veces por Vales; o carácter humorístico e o estilo das cartas tamén é propio de Vales. Aínda que temática e formalmente hai datos que poden confirmar que El caballero Artagnán pode ser un pseudónimo de Vales, non incluímos na nosa edición estas poucas composicións porque Vales nunca as reclamou nen tampouco ese pseudónimo.

⁷⁶*La Aspiración*, 30 de xuño de 1907.

⁷⁷*La Aspiración*, 23 de xuño de 1907.

⁷⁸Do 14, e 21 de xullo e do 4 de agosto de 1907.

XORNALISMO E LITERATURA

Vales, como Delegado en Betanzos da Asociación Española Artístico-Literaria, envía un escrito ao director do semanario *La Aspiración* informándoo do propósito da Asociación de dar a coñecer os traballos da xente xove, favorecendo a publicación dos mesmos, no afán de «servir al arte de *La Literatura y al periodismo en general*»⁷⁹. O seu grande interese polo xornalismo, cousa que se manifesta xa tendo escasamente catorce anos coa propia creación de *Destellos Juveniles*, vai intimamente unido co seu amor pola literatura e, concretamente pola poesía, porque a maior parte das publicacións xornalísticas de Vales son de carácter poético. A información e o pasatempo pasaba polo molde literario e isto sitúa a literatura no primeiro lugar nas preferencias de Vales. Na produción xornalística do autor diferéncianse dúas etapas: a de colaboración nos semanarios de Betanzos, *Destellos Juveniles*, *La Aspiración* e *Nueva Era*, constituíndo as colaboracións no primeiro e unha boa parte das publicacións no segundo a época inicial e xuvenil dun autor que irá madurando a través das páxinas do xornal liberal ata a madurez total plasmada en certas composicións publicadas no semanario continuador *Nueva Era*. A maior parte dos traballos que publica nestes semanarios son de carácter poético. O molde poético do soneto, composición que estimará e a preferirá sobre todas, chegando a ser un excelente sonetista, aparece xa en *Destellos Juveniles*, o día 1 de outubro de 1905, na composición titulada «A una Rosario», cando Vales apenas tiña catorce anos. No número 3 deste mesmo semanario publica xa, no mesmo mes e ano, un poema en galego titulado «Ó meu amigo Antón». Vales podía simultanear as dúas linguas, galego e castelán, aínda que a súa produción xornalística maioritaria sexa en castelán. Con todo, os seus mellores poemas, están escritos en galego. Nesta primeira publicación aparecen traballos en prosa, criticando ironicamente a aqueles que pretenden ler o semanario sen pagalo⁸⁰, contra a tendencia a considerar os martes e os venres como días aciagos, que o autor considera superstición e bruxería⁸¹, historias locais como a do «Machacante»⁸² escrita en castelán e en galego, en

⁷⁹*La Aspiración*, 27 de agosto de 1911.

⁸⁰Traballo titulado «¡Ojo eh!», *Destellos Juveniles*, 8 de outubro de 1905.

⁸¹Traballo titulado «Los viernes», *Destellos Juveniles*, 15-11-1905.

⁸²Traballo titulado «Un tiro de sociedad», *Destellos Juveniles*, 22-10-1905.

prosa e en verso, xunto a composicións poéticas de circunstancias, como a dedicada a Rosario no día do seu santo ou a composición en galego ao seu amigo Antón, «explorador dos Destellos», poemas nos que se contraponen as diferentes situacións económicas dun home que tira as colillas e o rapaz que as apaña para facer picadura, acabando ao final na equiparación dos mortais coas colillas⁸³, poemas humorísticos como o titulado «Banco Betancero de Crédito» ou «Quien tiene pulgas...». Vales utiliza nesta publicación os pseudónimos de Selav e Rinmallavi indistintamente para asinar textos en verso ou en prosa. Co pseudónimo Efe, o 14 de marzo de 1909, publica en *La Aspiración* un artigo atacando a Don Víctor Naveira e comeza ademais a sección en verso titulada «Caricias». A finalidade destas producións poéticas, moitas veces compostas para ser cantadas con música de cancións das que se pon o título, «Música de La Vuelta al Mundo»⁸⁴, «Música de La Gatita Blanca»⁸⁵, «Música de la zarzuela Ruido de Campanas»⁸⁶ ou compostas para ser cantadas con calquera música, «Coplas con cualquier música»⁸⁷, é a de atacar tipos, usos e costumes locais ou simplemente facer rir a xente. Estas composicións feitas para cantar, son chamadas polo autor coa denominación francesa de «Couplets», aludindo á estreita relación entre a música e a poesía, nas dúas acepcións que esta palabra ten de coplas ou estrofas. Entre as diferentes formas que utiliza destaca a estrutura dialoxística, sobresaíndo as composicións longas nas que interveñen un falante primeiro que é Efe e un falante segundo chamado Ge. A forma da carta está presente na composición en castelán dun emigrante galego, chea de incorreccións e galeguismos. Unha única vez cultiva o que o autor chama «Charada», especie de adiviña dirixida aos lectores para que a descifren⁸⁸. Efe asina tamén un vilancico que pon en boca dun personaxe ficticio chamado Don Fulgencio Rocamora y Pedregal⁸⁹. Fóra da sección

⁸³Poema titulado «Igualdad», *Destellos Juveniles*, 22-10-1905.

⁸⁴*La Aspiración*, 23 de maio de 1909.

⁸⁵*La Aspiración*, 6 de xuño de 1909.

⁸⁶*La Aspiración*, 31 de outubro de 1909.

⁸⁷*La Aspiración*, 12 de setembro de 1909.

⁸⁸*La Aspiración*, 21 de novembro de 1909.

⁸⁹*La Aspiración*, 26 de decembro de 1909.

«Caricias» publica un traballo en prosa sobre a ignorancia de certas persoas presuntuosas, que acaba nunha composición poética chea de anacrónismos e disparates onde Arquímedes convida xuntamente a Nerón e a Castelar⁹⁰. Os traballos asinados como Efe rematan o 6 de febreiro de 1910 coa composición «Receta contra el insomnio». O día 20 de febreiro do mesmo ano, na mesma sección de «Caricias», continúa publicando Vales traballos poéticos pero agora co pseudónimo de Silvano de Leonisa, sendo o primeiro o titulado «Cosas del Tiempo». No último traballo asinado como Efe aparece o debuxo dun cantor de coplas que se acompaña dunha guitarra e que se repetirá sempre na sección «Caricias» asinada por Silvano de Leonisa, identificando ao cantante por Efe, como se se tratase de dúas personalidades, a do compositor e a do cantante. Unha das composicións está en galego, a titulada «Enigma»⁹¹, lingua que utiliza noutras, para determinadas expresións de contraste. Os temas desta sección continúan a ser os mesmos de crítica a tipos populares de Betanzos, destacando a crítica aos gardas municipais, feitos ou costumes locais; a crítica é constante: ás persoas que atentan contra a hixiene, utilizando como «depósitos» as paredes dos edificios e outros lugares públicos: *Esto revela en algunos/incuria y muy poco afán/por atender a la higiene/y ornato de la ciudad./Si columnas mingitorias/ordenasen instalar/verían como gozábamos/de más salud. Y además:/¿por qué a otras poblaciones/no podemos imitar?*⁹²; a crítica á falta de medios aparece, chea de ironía, na composición «Propios y extraños»⁹³, respondendo á pregunta da existencia dun corpo de bombeiros unha segunda persoa responde que si hai un corpo único porque aquel home ten corpo; crítica ao mesmo alcalde pola falta de alumbrado público aparece na composición «¡Que alumbrado!», tema que tratará novamente, dirixíndose directamente ao alcalde polo seu nome, nas composicións tituladas «Un ruego»⁹⁴ e «Sine qua non»⁹⁵; cúlpase aos membros do

⁹⁰La Aspiración, 8 de agosto de 1909.

⁹¹La Aspiración, 3 de abril de 1910.

⁹²La Aspiración, 27 de febreiro de 1910.

⁹³La Aspiración, 6 de marzo de 1910

⁹⁴La Aspiración, 12 de xuño de 1910.

⁹⁵La Aspiración, 19 de xuño de 1910.

concello dos estragos que fan os automóviles sen control nas rúas, no poema «Automovilística», estruturado en forma de resposta, á maneira clásica, á pregunta dun tal Teótimo, composición caracterizada por unha fina ironía na que se misturan o eloxio e a crítica: *Son, en extremo, bellísimos;/pero, ¡ay!, amigo romántico,/que esos ligeros vehículos,/llenos de furor satánico,/van dejando estela trágica,/al pasar, cual otro bárbaro/Atila; y en su venática/carrera estropean, impávidos,/toda clase de cuadrúpedos,/bípedos... y otros espárragos*⁹⁶. A festa da Magdalena aparece nunha composición costumista titulada «Clichés Brigantinos: La Magdalena», en forma dun diálogo entre amoroso e descritivo do ambiente festivo⁹⁷; a festa dos maios, típica de Betanzos, está presente nunha composición, chea de cariño para coas nenas que cantan e bailan, na que utiliza o castelán e o galego: *Bueno, sigamos. Dos niñas,/o niños que tanto dá,/los extremos del madero/sostienen. Otra de edad/más corta, con donosura,/se pasea, y las demás,/entre tanto, entonan cantos/de gloria y felicidad./E con cariña de risa/os cartos sacando van*⁹⁸; o ambiente das festas de San Roque plásmase na composición en forma de diálogo titulada «Brigantinas»⁹⁹. A rúa da Ribeira, na composición «Escenas callejeras», é o escenario das pelexas de parellas que beben máis da conta, molestando ao vecindario: *Y los vecinos se aguantan:/y no aparece un sereno,/y los dos protagonistas/se retiran satisfechos,/ella pensando: «Este mátame»,/el: «Mañán continuaremos»*¹⁰⁰. O tratamento de temas non locais maniféstase tamén, destacando a composición «Cuento modernista», estruturada en dúas partes, co tema da fuga amorosa dunha dama e un cabaleiro case medievais que contrastan co medio no que se fugan, un aeroplano modelo Santos Dumont, composición humorística que se basea no contraste de tempos pasados e lugares modestos e os medios técnicos avanzados¹⁰¹; as novas tecnoloxías como o teléfono aparecen na composición que el denomina de «novela

⁹⁶La Aspiración, 7 de agosto de 1910.

⁹⁷La Aspiración, 27 de marzo de 1910.

⁹⁸La Aspiración, 1 de maio de 1910.

⁹⁹La Aspiración, 14 de agosto de 1910.

¹⁰⁰La Aspiración, 24 de abril de 1910.

¹⁰¹La Aspiración, 10 de abril de 1910.

en cuatro capítulos y medio, un prólogo y un epílogo», onde unha esperada chamada da amada provoca todo ou encadeamento de mortes¹⁰²; a aproximación á terra do cometa Halley na que aparece como personaxe o propio Silvano¹⁰³; a chegada do cometa provoca outra composición na que unha moza escapa co seu mozo e con cincuenta mil pesetas¹⁰⁴; os avances da ciencia, como o diaxydiamidoarseno, remedio contra a avariose, descubrimento realizado polo bacteriólogo prusiano Ehrlich, está presente na composición titulada «¡606...»¹⁰⁵; a crítica irónica ao que algúns consideran que é un avance das ciencias, confundindo a «folga» coa ciencia moderna¹⁰⁶; a crítica aos americanos por querer prohibir os bicos¹⁰⁷; os americanos, por querer que o Papa Pío canonizara a Cristóbal Colón, aparecen tamén ridiculizados na composición «¿Colón, santo?»¹⁰⁸; a crítica aos «lapsus» que aparecen na prensa en xeral¹⁰⁹; parodia literaria, criticando a literatura sen sentido é a composición titulada «Literatura barata»¹¹⁰: *Anoche de madrugada, ya después de mediodía, caía la tarde, mansa, tranquila, suave, benigna, dulce y apaciblemente, entre suspiros y risas*. Hai composicións que falan da falta de temas que poidan interesar ao lectores¹¹¹, utilizando palabras castizas ou vulgares que provocan o riso; a partir do anuncio dun rapaz san e rico na publicación *El Liberal*, escribe unha composición co propósito de informar desta oportunidade ás mozas de Betanzos¹¹². O tema da eman-

cipación da muller en «¡Oh, las mujeres!» é tratado de forma xeral na primeira parte para pasar a casos concretos e locais na segunda parte¹¹³; idéntico tratamento aparece na composición «De veraneo» falando dos lugares nos que veranean personaxes con nomes supostos e citando ao final un lugar popular de Betanzos como a Cangrexreira¹¹⁴.

No semanario *La Aspiración*, a sección «Caricias» saíu ininterrompidamente ata o 25 de decembro de 1910. A partir desta data súspendese esta sección aínda que se publican en varios números poemas que Vales publicara noutros medios ou compostos expresamente para o semanario betanceiro co pseudónimo de Silvano de Leonisa. O 4 de agosto de 1912, no semanario continuador do anterior *Nueva Era*, reanúdanse as publicacións da sección «Caricias» asinadas por Silvano de Leonisa, retornando ás coplas con música de cancións coñecidas como é o «balancé»¹¹⁵. Neste medio Vales publicará tamén poemas exclusivamente literarios e unha nova sección titulada «Películas Cortas» con poemas cortos ou poemas en prosa.

Poemas varios que van desde os de tipo popular ata os poemas cultos aparecen en diferentes publicacións como *El Normalista*, *Gaceta de Galicia*, *La Idea Moderna*¹¹⁶, *El Miño*, *La Ilustración Gallega*, *Gaceta de Galicia*, *Ferrol Libre*¹¹⁷, *El Hogar y la Moda*, *Almería Jocosa*¹¹⁸, *La Nación Militar*¹¹⁹.

DESDE A POESÍA CULTA ATA A PARODIA E O POEMA EN PROSA
A afección de Vales pola literatura foi estimulada polo seu mestre Don Ezequiel Suárez Blanco, amante dos autores clásicos casteláns e sobre todo do *Quixote*. A primeira velada literaria na que intervéñen Vales tivo lugar nos festexos que a Liga de Amigos de Betanzos organizou no Centenario da universal obra de Cervantes. Nesta homenaxe colabora-

¹⁰²*La Aspiración*, 4 de decembro de 1910.

¹⁰³*La Aspiración*, 15 de maio de 1910.

¹⁰⁴*La Aspiración*, 22 de maio de 1910.

¹⁰⁵*La Aspiración*, 18 de setembro de 1910.

¹⁰⁶«¡Hoy las ciencias!», *La Aspiración*, 2 de outubro de 1910.

¹⁰⁷«Cosas de los americanos», *La Aspiración*, 3 de xullo de 1910.

¹⁰⁸*La Aspiración*, 24 de xullo de 1910.

¹⁰⁹*La Aspiración*, 11 de setembro de 1910.

¹¹⁰*La Aspiración*, 9 de outubro de 1910.

¹¹¹*La Aspiración*, 29 de maio de 1910.

¹¹²*La Aspiración*, 5 de xuño de 1910.

¹¹³*La Aspiración*, 26 de xuño de 1910.

¹¹⁴*La Aspiración*, 17 de xullo de 1910.

¹¹⁵*La Aspiración*, 1 de setembro de 1912.

¹¹⁶Diario de Lugo.

¹¹⁷Órgano de la Juventud Republicana.

¹¹⁸Semanario Cómic Satírico.

¹¹⁹Órgano Oficial del Tiro Nacional de España.

ron activamente Don Ezequiel e Dona Matilde Quintana, organizando un festival o día 9 de maio de 1905 nas escolas de nenos e nenas de San Francisco; nunha banda bordada polas nenas podía lerse en letras grandes: «Aquí se educa e instruye deleitando»¹²⁰; o acto deu comezo coa lectura dun traballo de Don Ezequiel comentando a importancia de Cervantes como escritor e falando das excelencias da súa obra *Don Quixote*. O seu discípulo predilecto, o neno Vales, leu unha serie de sonetos alusivos a Cervantes e á súa obra mestra, sendo isto reproducido no semanario *La Aspiración* desta maneira: *Luego el niño Francisco Vales leyó con singular maestría una larga serie de sonetos alusivos todos al insigne autor del D. Quijote y a pesar del exceso no desmayó un instante su clara entonación y correcto estilo*¹²¹. As inquietudes literarias de Vales van unidas coas afeccións xornalísticas, fundando nese mesmo ano o semanario *Destellos Juveniles*, inquietudes todas, entre elas o gusto polo soneto, estimuladas, en grande medida, por Don Ezequiel. Con só catorce anos escribe o seu primeiro soneto titulado «A una Rosario, en el día de su santo», publicado nos *Destellos Juveniles*, semanario onde alterna composicións feitas con finalidade exclusivamente poética, con outras máis propias para os lectores, de crítica ou para suscitar o riso, utilizando a parodia. Vales gustaba da poesía seria, pero o éxito que a súa sección de poesía menor tiña entre os lectores e o xornalismo local, condicionárono a facer esa grande cantidade de poemas menores. Foi tamén autor de poemas en prosa, aos que denominaba como «prosa rimada» ou «poesía prosaica»; entre os poemas menores, publicados na sección «Caricias», hai varios que posteriormente converte en poemas en prosa, como acontece con «¡Hoy las ciencias!...»¹²² e «Literatura barata»¹²³; outros poemas en prosa fan referencia á vida moderna como a moda da saia-pantalón que o autor critica en «El engendro de la Moda» ou a versión paródica que o autor fai dun fragmento da obra *El diablo mundo* de Espronceda, ironizando sobre o auto, na com-

¹²⁰Cfr. *La Aspiración*, 20 de maio de 1905.

¹²¹20 de maio de 1905.

¹²²Publicado en forma de poema, o 2-10-1910, en *La Aspiración*; como poesía en prosa publícase en *La Voz de Fene* o 9-10-1910 e en *Almería Jocosa*, o 7-10-1911.

¹²³Publicado en forma de poema, o 9-10-1910, en *La Aspiración*; como poema en prosa, aparece en *Almería Jocosa*, o 11-11-1911.

posición titulada «¡¡¡Oh, el auto!!!»; «Poema de muerte» é un poema en prosa no que o eu, en tono humorístico, fala sobre o frío da morte; «¡Ujujuy! ¡Que miedo!», poema en prosa onde o médico descobre á nai que o que ten na barriga a súa filla é un rapaz. Estando en Santiago, en 1912, crea a sección «Películas Cortas» que publicará en varios medios, aparecendo no semanario brigantino *Nueva Era* en dúas ocasións, o 10 de novembro de 1912 cun poema en prosa e o 17 de novembro dese mesmo ano co poema en prosa «¡Ujujuy! ¡Qué miedo!»; nesta mesma sección publica a parodia que fai do poema «El cohete» de salvador Rueda e tamén «Poema de muerte». A finalidade en todos os poemas en prosa é a de provocar o riso, misturando unha temática poética menor cunha forma innovadora como é o poema en prosa. Vales, parte de poemas de carácter elevado de autores coñecidos, para tratar temas vulgares ou da actualidade, utilizando as mesmas estruturas frásicas pero cambiando as palabras; no poema que dedica ao auto, o fragmento da obra citada de Espronceda é o seguinte, *Allá va la nave: ¿Quién sabe dó va? ¡Ay! ¡triste el que fía/Del viento y la mar!*, que el parodicamente transforma en *¡Allá va el «cangrejo»! ¿Quién sabe dó va? ¡Ay! ¡triste el que fía sus huesos al gas!*. Na composición «Aullidos del cieno», dedicada ao parodista Carlos Miranda, fai unha parodia partindo da composición «Voz del agua» de Enrique de Mesa; parte do fragmento *Bebe, niña, bebe/la clara pureza de mi manantial*, transformándoo en *Lame, cerdo, lame/la asqueante freza de mi cenagal*. O soneto de Salvador Rueda, titulado «El cohete», sèrvelle para escribir parodicamente o seu soneto «El pillete de este cura». A afección de Vales pola literatura paródica e humorística é evidente, como tamén o é a facilidade coa que utilizaba os diferentes moldes poéticos. Os poemas compostos en castelán con finalidade literaria son escasos: o soneto xuvenil «A una Rosario», o soneto dedicado aos españoles que loitaron en Melilla, cheo de patriotismo e constituíndo un canto á Hispanidade, «Toledo», canto, entre clásico e moderno, a esta cidade, e o soneto dedicado a Don Antonio Fernández Tafall, titulado «El agua»; «¡Gloria a la Caridad!», composición en cuadras na que se describen escenas de desolación acompañadas da bondade e caridade que aínda existe; a composición en cuadras, entre amorosa e sentimental, titulada «A...», onde se fai a descrición da amada en termos florais, de luz, e santidad; «A ti», acróstico en cuadras, de carácter amoroso; «Sublime muerte», composición estruturada en cinco partes, cada unha composta de dúas cuadras, que é un canto á morte pracenteira;

«Mal de muchas», poema estruturado en catro partes de diferente extensión onde, nun ton exemplificante, advirte que non hai que envaidecerse da beleza efémera; «A Natura», serie de cuadras nas que se combinan versos de arte maior e menor constituíndo un canto á natureza. «¿Me entiendes?», composición en cuadras na que se critica a un concelleiro presuntuoso; «A Zorrilla», composición en cuadras combinando versos de arte maior e menor, onde o autor expresa a admiración que sente polo poeta romántico, facendo un poema metapoético ao falar das obras de Zorrilla; «Remember», poema breve dedicado ao pintor Ramón Couto; «Del Dolor», composición na que se combinan versos de arte menor e maior para falar, nun ton solemne, da morte de Cristo; «Y en la tierra paz», serie de cuadras coa temática da nai que, na Noite Boa, chora polo fillo morto na guerra; «A Sada», composición en cuadras que comeza cun canto a esta vila que o poeta considera «perla del gallego suelo» para converterse no final nun canto de defensa da relixión católica; «El ruego de mi nietecita», composición en cuadras dirixida a un cazador para que persiga ao lobo e non ás aves; «La camarera del Inglés», orixinal composición amorosa en tercetos onde a muller, camareira do «Bar Inglés», está descrita mediante imaxes clásicas, románticas e modernas; «Real Decreto de Momo al pueblo brigantino», composición en cuadras, publicada pola Lira Brigantina nun programa das festas do entroido; para a Lira Brigantina escribiu outras dúas composicións con estribillo e música de Andrés Naveira Carballo; poemas de circunstancias como o titulado «Queridísima Oliviña», no nacemento dun fillo varón, «A mi buena amiga Bibí» no cumpreanos desta, «Al matrimonio Noguerol en sus bodas de lana». Curiosas e irónicas composicións son «Mi queridísimo Santy», en forma de carta a un xove que está na milicia e «Al cartero orensano», pregándolle que, se algún fallo advirte no enderezo escrito, que o subsane como un intelixente Sherlock Holmes.

TIPOS DE COMPOSICIÓN POÉTICAS E ESTILO

Podemos considerar na creación poética de Vales dous tipos de composicións: as composicións que teñen como finalidade principal a de informar, criticar vicios e costumes ou provocar o riso do lector, feitas exclusivamente para un semanario, e aquelas composicións caracterizadas pola preocupación poética, nas que a expresión se fai máis coidada, composicións feitas con finalidade exclusivamente literaria. Esta crecente preocupación poética maniféstase xa na sección «Caricias», no poema

titulado «Una flor»¹²⁴. Vales compuxo uns poucos poemas en castelán cunha finalidade exclusivamente literaria, demostrando dominar todos os recursos e moldes poéticos, poemas que foron publicados ocasionalmente en diferentes publicacións.

Nas composicións menores de carácter costumista e popular que describen ambientes, comportamentos e tipos xunto con informacións da actualidade, o autor utiliza unha linguaxe popular coa elisión de sílabas, característica propia dos andaluces: «no pué ser», «no me jaga usted reir, que tengo el labio partío»; en consonancia co estilo popular, utiliza ditos e refráns populares: «Pa muestra basta un botón», «Ni son todos los que están, ni están todos los que son», e nalgún caso, a utilización por parte de falantes galegos dun castelán cheo de galeguismos; tamén utiliza nun mesmo texto as dúas linguas, castelán e galego¹²⁵. Aínda que corresponde a estas composicións un estilo popular e sinxelo obsérvase a riqueza da linguaxe do autor e a súa cultura na utilización de palabras e expresións de linguas como o latín: «¿quosque tandem?», «bueno amigo, salutem», «ex toto corde», «Telle, lege» ou o francés: «couplets», e nas alusións a temas da cultura universal. A literatura sèrvelle como base das súas composicións para facer unha parodia, como acontece coa sonatina modernista en «Sonatina de Otoño»¹²⁶, «Sonatina de invierno»¹²⁷; de Zorrilla utiliza parodicamente «El puñal del Godo» para anunciar un terremoto¹²⁸. A cultura de Vales maniféstase tamén nos numerosos autores que cita: San Agustín, Zorrilla, Salvador Rueda, Iriarte, Tolstoy; científicos como Edison, Paul Ehrlich; personaxes históricos como Salomón, Nerón, Rodrigo de Vivar, Castelar, Daoiz, Velarde. Vales, nas composicións populares, fai alusións constantes á cultura clásica en deuses, lugares ou mitos: Plutón, o Averno, Xúpiter, Estixia, Eolo, Baco, Febo, Olimpo, Venus, Juno, bacantes.

¹²⁴La Aspiración, 11 de decembro de 1910.

¹²⁵«Anécdota», La Aspiración, 14 de agosto de 1912.

¹²⁶La Aspiración, 20 de novembro de 1910.

¹²⁷La Aspiración, 25 de decembro de 1910.

¹²⁸La Aspiración, 27 de novembro de 1910.

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN: BETANZOS E GALICIA

Don Francisco Vales Villamarín centrou a súa atención no estudio da cultura de Galicia e na cultura da súa cidade natal. Non imos enumerar os moitos traballos publicados por Vales, de carácter histórico ou arqueolóxico, pero temos que recordar que, no campo da investigación histórica, foi pensionado pola Deputación da Coruña e polo Concello de Betanzos para realizar diversas investigacións nos arquivos de Valladolid e Simancas; consecuencia destas investigacións foron un conxunto de traballos eminentemente galegos que publicaría nos Boletíns das Academias ás que pertencía, na publicación *Gaceta de Galicia*, no *Anuario Brigantino* e en diversas publicacións da península e de América. Temos que facer alusión a estudos que teñen relación coa literatura, como os publicados sobre a figura de Antolín Faraldo no ano 1949 no *Anuario Brigantino*, no ano 1950 na revista *Galicia* de Buenos Aires, no ano 1957 no *Boletín* da RAG e no 1972 na revista do Centro Betanzos da cidade de Buenos Aires, titulada *Betanzos*, aportando e clarificando datos da vida deste importante personaxe, remontándose aos seus antepasados. O gusto de Vales pola xenealoxía faise patente no estudio dedicado a Juan Nunes Pardo, pai do Mariscal Pardo de Cela, ofrecendo a árbore xenealóxica desta figura histórica e mítica tan importante na literatura galega. Vales non chegou a publicar traballos sobre autores literarios da comarca de Betanzos aínda que tiña datos suficientes para facelo; o que si publicou foron numerosos estudos das diversas publicacións betanceiras, que constitúen unha pequena historia do xornalismo local e que foi publicando en diferentes medios; entre os xornalistas de Betanzos están o poeta Fernando García Acuña e o, segundo Vales, «correcto prosista» Manuel Martínez Santiso, autor dunha historia da cidade¹²⁹. Do seu coñecemento cultural de Betanzos dá proba o proxecto non realizado de facer unha Enciclopedia Brigantina, proxecto que nacería da lectura dos moitos datos recollidos en fichas por Don César Vaamonde Lores e que Vales podería completar. Outro proxecto que Vales non chegou a realizar foi a versión ao galego da primeira parte do *Quixote*, encargo que lle propuxo a RAG, designando a Carré Alvarellos para facer a ver-

¹²⁹Don Xosé Antonio Míguez recoñece a súa débeda con Vales no estudio da prensa local e nas informacións sobre aspectos lingüísticos e culturais da zona de Betanzos, «Recuerdo y evocación de Don Francisco Vales Villamarín», *Anuario Brigantino*, 1989, nº 12, pp. 249-257.

sión galega da segunda parte da obra inmortal; Carré fixo a tradución ao galego de dous capítulos; Vales, desde o primeiro momento, considerou que o traballo non era doado: *Como se ve, o traballo non é moi doado que digamos, mas, coa axuda de Deus, tratarei, dentro naturalmente das miñas escasas forzas, de levalo a bon fin*¹³⁰. Don Francisco Vales manifestou sempre un grande interese pola lingua galega, lingua que utilizaba na súa obra e que ensinaba aos seus alumnos; do seu interese pola lingua nace o traballo lingüístico «O adverbio galego SINTE», onde estudia a utilización desta categoría gramatical en autores como López Ferreiro, ofrecendo ao final diversas versións da forma «ademais». En relación coa situación lingüística de Galicia, Vales sempre se posicionou como partidario da fixación dunhas normas ortográficas encamiñadas á unificación da escrita.

OBRA POÉTICA EN GALEGO

Desde os primeiros tempos, Vales escribiu poemas en galego, lingua minoritaria nun primeiro momento e que será dominante na segunda metade da súa vida. En varias ocasións utilizou nun mesmo poema as dúas linguas: galego e castelán. Os poemas en galego son os máis conseguidos de toda a súa creación poética e, agás os publicados na sección «Caricias» do semanario *La Aspiración*, están asinados co seu nome e apelidos. A primeira composición en galego é a dedicada ao seu amigo Antón no ano 1905 e a derradeira composición en galego é do ano 1981. En conxunto a obra poética en galego consta de 43 poemas. Clasificamos os poemas en tres apartados: Estampas Betanceiras, Xente Coñecida e Outros Poemas.

1.- Estampas Betanceiras

Este primeiro apartado está formado por 16 composicións que xiran ao redor de lugares, costumes e personaxes de Betanzos. Catorce destas composicións son sonetos: «Dezaseis de agosto», «O globo grande», «Día de San Roque», «A volta dos Caneiros», «O Turito», «O vello Rilo», «¿Cantámoslle o maio?», «Na redacción de *El Escobón*», «A precisión dos Caladiños», «Día de feira», «Fernán Pérez de Andrade O Boo», «Viño aberto», «O Gamachiño», «Vésperas da Concepción»; as

¹³⁰Papeis de Vales na Academia.

outras dúas composicións son «No Forno do Trencó» e «Terriña meiga». Moitas delas foron utilizadas por Vales en tarxetas de felicitación, sobre todo das festas do Nadal, e ían acompañadas de debuxos de diferentes artistas como Cebreiro, Veiga Roel... Don Sebastián Martínez Risco lamentaba que estas composicións de Vales non fosen publicadas nunha antoloxía. Son os poemas máis logrados manifestando neles o seu amor por Betanzos xunto cunha grande mestría na utilización do soneto. Poesía de temática popular son os sonetos das festas: «Dezaseis de agosto», «O globo grande», «Día do San Roque» e «A volta dos Caneiros»; tamén de temática popular son os sonetos nos que aparecen personaxes típicos betanceiros: «O Turito», «O Gamachiño», «O vello Rilo»; a descrición de lugares populares como a feira, o forno ou a adega constitúen auténticos retratos que o lector de Betanzos reconece inmediatamente. Vales asume a afirmación de Unamuno de que todo aquel que se propón retratar costumes fai historia e así converte o Turito, o Gamachiño e o gaitero Rilo, en figuras históricas que, aínda que populares, cómpre que os betanceiros coñezan e non esquezan: Turito, o muñidor da confraría da Concepción, quen acompañado de dous músicos, convocaba aos membros da mesma para a súa asistencia ás solennidades que se celebraban na honra da padroeira os días 7 e 8 de decembro na igrexa conventual de San Francisco; Vales chega a publicar a partitura musical que interpretaba este trío, música e actividade que forma parte da intrahistoria de Betanzos e que, gracias a el, podemos coñecer; o gaitero Rilo, tantas veces premiado, está inmortalizado no magnífico soneto que lle dedica; o Gamachiño, personaxe simbólico, representación de Lucifer, que formaba parte da agrupación coreográfica pertencente á confraría dos mariñeiros de Betanzos, aparece amorosamente tratado no soneto de Vales. O poeta describe á perfección os ambientes de festa que contaxian o regocixo á mesma natureza, misturando diferentes sensacións de cor, olor e son: *Recende a ermida a fiuncho e a loureiros/e repican os sinos xubilosos;/visten de gala as flores e, gozosos, os paxaros fan coro cos gaiteros* («Día do San Roque»); coa praza do Campo chea de xente: *Noite agosteña. O Campo ten a traza/dun verxel de feitizo, lexendario./Enche o recinto o ledó vecindario,/que mira absorto os fogos de ar e*

¹³¹Primeiros versos de dúas composicións sen título.

¹³²Primeiro verso da composición dedicada a Dona Sofía Feliú.

praza («O globo grande); coa comitiva oficial en marcha: *Ponse en marcha a brillante comitiva/alcalde, rexidores, convidados/milicias, danzas, músicas, xigantes...*/(Logo comenará a función votiva).../E no Campo, descóbreñse, pasmados,/ó pasa-lo Concello, os feireantes («Dazaseis de agosto); a festa primaveral dos Maíos, de tradición medieval, hoxe perdida, e de importancia decisiva para a poesía popular, é contemplada con amor e saudade polo poeta: *Preto do adral do gótico mosteiro/paroume o ledó coro de pequenas;/e alí escoitei de novo as cantilenas/do noso arcaico e inxenuo Cancioneiro* («¿Cantámoslle o maio?»)). A descrición dun día de feira dos anos trinta ou corenta está moi conseguida mediante diálogos de compra con regateo acompañados de enumeracións non caóticas de cousas e persoas esenciais: *Porcos, meias de lá, pantrigo, zocas,/fouces, xugos, chedeiros, liño, rocas.../Vello romances. Barrufeiros tesos./Caciques aldeás -ventres inchados-/labregas con cativos esfameados.../¡E o maíno, no azougue, a catro pesos!* («Día de feira»). Certeira é a descrición de personaxes: o Turito, cheo de empaque e de aparato: *Foncho de vanidá, rube a calzada,/seguido de infantil algarabía,/o muñidor da «Ilustre Confraría»,/que avisa prá función da Inmaculada;* a figura de Rilo na que se combinan o humor, a intelixencia e a capacidade amatoria coa destreza na arte da gaita: *Sabía de memoria o Ciprianillo,/libraba da tirís e o garrotillo,/conxuraba os meigallos e o tronante.../E nas romaxes deste chan saudoso,/como gaitero enxebre e fachendoso,/non lle puxo ningún o pé diante;* a figura grotesca do Gamachiño, tratada con delicadeza e amor: *Facendo garatuxas, mil, acenos,/xurde do fato o inqueda gamachiño,/fiel trasunto dun mouro demachiño/que ven tentar a grandes e pequenos.* Ademais destas figuras populares que forman parte da intrahistoria de Betanzos, aparece tamén un personaxe nobre e histórico como é Andrade O Bo, tratado por Vales como un heroe con características reais e míticas: *Na ríspida altivez da Leboeiro/-atalaia do seo brigantiño-/cal aguia caudal, fixo alí niño/este esgrevío e famoso cabaleiro.* Outro personaxe importante é o poeta Fernando García Acuña descrito, na redacción de *El Escobón*, como un personaxe impulsivo e sempre combativo: *Entra na imprensa, de carraxe roxo,/o novel xornalista, e nun recanto,/sobre o papel desfoga o seu enoxo* («Na redacción de *El Escobón*). Nas descricións de lugares como a adega ou o forno, o poeta ofrécenos non só o ambiente físico e material senón

tamén o ambiente humano, ambos os dous perfectamente relacionados: *Ramallo de loureiro sobre a porta/e a saba familiar cobrindo a entrada./Chourizos e roxós. Ole a empanada./e na fustalla, o néctar que conforta./Moulando nun codelo, ó dreito da horta,/entra na adega Fuco o de Chantada/e toma asento, ó quente da larada,/no tallo feito dunha cepa rota («Viño aberto»); Falta unha presa de masa/para a Virxe das Angustias/-dinlle á señora Martiña-/no forno da Fonte de Unta («No forno do Trenco»).* O escenario físico, na procesión dos Caladiños, adquire o aspecto triste da imaxe da Virxe, aparecendo intimamente relacionados ambiente, lugar e música: *Pola rúa seixosa e costaneira/pasa o cortexo, envolto en ladaíñas./Van coas facianas baixas as meniñas/e tanxe a caixa triste, plañadeira...* As Estampas Betanceiras son unha auténtica homenaxe á cidade na que naceu o poeta e que leva dentro de si, como el mesmo manifesta: *Terra meiga de Brigo,/pobo nobre e xeneroso,/lévate sempre conmigo.* Este conxunto de poemas constitúe o mellor de toda a súa obra poética porque é aquí onde o poeta se manifesta cheo de sentimento, orixinalidade e capacidade lírica, creando fermosísimas composicións perfectas na forma e na integración forma-contido. O amor a Betanzos preside estas composicións cheas de vida e de datos da historia da cidade. Vales ten a virtude de elevar o popular á categoría culta, o que consegue polo tratamento que dá á materia popular (personaxes, ambientes e lugares) como algo digno da maior consideración, e pola utilización de metros e formas populares cultas.

2.- Xente Coñecida

Xente Coñecida é un conxunto de seis composicións nas que mediante uns breves trazos, en catro ou cinco versos, o poeta fai a descrición de personaxes amigos: os debuxantes Pepe Veiga e Francisco Carlos Seixo («Carlines»), o empresario do lúpulo Raúl Fernández, o impresor Manolo Villuendas, Leandro Pita e Xaime Pita. Os esbozos de Manolo Villuendas, Leandro Pita, Francisco Carlos Seixo e Xaime Pita, constan de cinco versos de oitos sílabas co mesmo esquema de rima: abaab. A composición dedicada a Pepe Veiga está formada por catro versos alexandrinos con dúas rimas: ABAB. A semblanza de Raúl Fernández consta de catro versos de 16 sílabas co mesmo esquema de rima da composición anterior. O amigo Pepe Veiga aparece elevado á categoría dos mitos e dos xenios: *Gran amigo da caza, cal Alonso Quixano,/corréu o corzo alíxero nas*

fragas de Belén;/sigue a gloriosa senda de Goya e do Tiziano; Manolo Villuendas está descrito como o impresor eficaz que resolve os problemas do poeta: *El é o meu brazo dereito/no seu papel de impresor;* Francisco Carlos Seixo é o humorista, debuxante xenial e músico: *Rezuma humor a súa prosa,/é un debuxante xenial/e rexe a «Rondalla Nosa»;* Leandro Pita é o solteiro cazado por unha betanceira: *Veu da vila de Ortigueira/coa súa gorra de prato;/pescouno unha betanceira,/e... ¡acabouse o celibato!;* a figura de Raúl Fernández está tratada con ironía, presentándoo como o «Lupulizador» que pode acabar coas plantacións de viño: *¿Que nos lupuliza todo? ¿Que imos a quedar sin viño?;/Fóra penas! Beberemos... auguiña de Picachá;* Xaime Pita é presentado como o creador de globos que a O.N.U. non perde de vista nun proxecto de facer unha lúa artificial. A estas composicións, engadíuselles posteriormente unha caricatura dos personaxes feita por debuxantes diferentes. Vales unha vez máis demostra que sabe comunicar o esencial de cada personaxe mediante uns breves trazos.

3.- Outros poemas

Situamos aquí un conxunto de poemas, 19 en total, que van desde a primeira composición en galego dedicada polo poeta ao seu amigo Antón, do ano 1905, pasando por poemas escritos para a sección «Caricias» do semanario *La Aspiración*, o poema titulado «Paso...», dedicado ao seu mestre Don Ecequiel Suárez Blanco, onde, á maneira de Curros Enríquez, canta ao progreso, simbolizado na chegada da locomotora: *¡Paso xa, paso ó sino do Progreso,/paso ó enxendo da Cencea luminosa,/paso ó mostro de ferro de mil dentes,/paso á inxente e velós locomotora!;* o poema patriótico «A Pátrea» no que o poeta manifesta o amor pola lingua galega: *Escoita, tenro infante, a vos agarimosa,/a fala doce e leda da nosa Pátrea Nai;* o poema popular «Ollo co esa pécora», premiado nos Xogos Florais de Lugo no ano 1923 e presentado co lema de «Rosa»; o poema «Lembranza» dedicado ao pedagogo suízo Pestalozzi a quen considera un mestre xenial: *¡Gloria, pois, meus neniños, ben amada semente,/ó xigantesco Xenio, ó espírito máis inxente/da nova Educación!;* a descrición do mestre como propagador da fala polo picariño, descrición que coincide co propio Vales: *Eu coido que naide cal el sabe a fala/tan meiga e tan doce dos nosos abós./Eu con el samente deprendín a amala/ y a empregala sempre que falo con Dios;* o poema de saúdo ao novo

concello coas recomendacións do poeta: *Nada de reformas ultramodernistas,/fóra o tecnicismo sen censo e sen arte; veñan sempre os modos sinxelos, simplistas;/o demais deixalo pra Venus ou Marte*; o dedicado á pintora extremeña, Sofía Feliú, onde recolle personaxes e escenas que aparecían por separado nas Estampas Betanceiras, xunto co agradecemento de Vales por levar os mesmos temas á pintura: *Os cabazos, congostras e rueiros,/os recantos urbanos, os cruceiros,/as humildes ermidas, a pontiña,/a vella gabexando na cociña,/os ríos cristaiños, marmulante,/o vedraño patrucio, os feireantes,/as neniñas do Maio, o gamachiño,/a adega onde rebulda o noso viño,/son teimas que esta artista laboriosa/nos seus belidos lenzos nos amosa*; o poema lírico «A lúa asoma a faciana...», centrado na lúa, que rodeada polas estrelas, vive os ambientes de festa: *A lúa asoma a faciana/por acima dos picotos./Acode tamén á festa,/pois quer troulear como todos*; o soneto dedicado a Xaquín Vaamonde («Silvio Lago»), cheo de sentimento elexíaco pola morte do amigo: *mas a Intrusa -cruel, sempre temida-/ó elexido dos deuses, despedada,/arreatoulle ó pouco tempo a vida*; ata os poemas de circunstancias dedicados a familiares ou amigos con ocasión dalgunha celebración importante.

PREMIO DE POESÍA EN 1923 POR UNHA COMPOSICIÓN METAPOÉTICA

O primeiro premio de poesía de Vales foi a Flor natural nos Xogos Florais de Lugo de 1923 obtido coa composición «Ollo co esa pécora», presentada baixo o lema de «Rosa». A cultura literaria de Don Francisco Vales maniféstase, entre outras cousas, na utilización que fai da literatura e, máis en concreto da poesía de certos autores, para construír composicións paródicas ou para facer unha actividade intertextual e metapoética na que a poesía se volve sobre a poesía para explicala. Este poema gañador, partindo da obra do poeta popular de Lugo Xesús Rodríguez López, convértese nun traballo de metapoésia onde o poeta comenta a obra do lugués *Cousas das mulleres*, ofrecendo ao mesmo tempo a súa propia versión.

DA CUADRA AO SONETO

Don Francisco Vales Villamarín maniféstase como un bo coñecedor dos esquemas poéticos que manexa con mestría nas formas paródicas ou nas formas creativas persoais. Os versos utilizados son variados e van

desde os de arte menor, entre os que destacan os de oito sílabas, ata os de arte maior, aparecendo versos de 12 sílabas, versos de 14 sílabas (alexandrinos) ou de 16 sílabas, sendo o máis utilizado o hendecasilabo. Nunha mesma composición poden aparecer metros de arte maior e menor, así no poema «Lembranza» combina versos de 14 e 7 sílabas. A rima, en termos xerais, é asonante nas composicións máis populares e consonante nas composicións cultas. Polo que se refere ás composicións estróficas, Vales utiliza formas como o terceto («Terriña meiga...»); composicións romanceadas («Dilecta e admirada Luísa», «Moitas, moitísimas gracias»¹³¹); quintillas («Leandro Pita», «Francisco Carlos Seixo»); esquemas estróficos de versos hendecasilabos que presentan unha mesma rima cada dous («Os cabazos, congostras e rueiros»¹³²); pero móvese principalmente entre a cuadra e o soneto; emprega cuabras, na súa forma popular, con versos de arte menor e tamén na forma culta con versos de arte maior: a maior parte con metros hendecasilabos, aínda que tamén aparecen alexandrinos ou versos de 16 sílabas con dúas rimas cruzadas ABAB («Pepe Veiga», «Raúl Fernández»). A cuadra non é a tentativa poética máis antiga na poesía de Vales, tentativa que posteriormente podería levalo ao soneto, porque simultaneamente utilizou os dous esquemas desde as primeiras composicións; a cuadra popular de orixe oral e folclórica e a máis culta como o soneto son tendencias iniciais determinantes e cultivadas indistintamente ata o final da súa obra poética. O soneto supón a entrada do poeta na literatura culta, a cuadra popular é o paso ás trobas populares, as dúas formas prodúcense ao mesmo tempo e orixinan unha obra poética que se move entre o popular e o culto. Vales utiliza o soneto na súa forma clásica, con versos hendecasilabos e rima en consonante, con unidade temática e cun desenvolvemento completo; o excelente exercicio técnico que realiza fai que teñamos que recoñecer a Vales como un excelente sonetista. A lingua galega utilizada é a lingua que escoitou desde neno, a lingua de Betanzos que, nos primeiros momentos da escrita caracterízase polas vacilacións, elisións e utilización de acentos circunflexos, cousa normal nunha época en que o galego non era lingua normalizada; esta lingua irá evolucionando ata chegar a unha certa unidade nas composicións posteriores.

**POESÍA INÉDITA
E DISPERSA
EN GALEGO**

**ESTAMPAS
BETANCEIRAS**




Foto de Veiga Roel, cedida por Dona Consuelo Veiga Sánchez

Terriña meiga. . ¹

Terriña meiga de Brigo,
pobo nobre e xeneroso,
lévote sempre connigo.

¿Como vou eu esquencerte,
se a dor que me martiriza
fuxe cando chego a verte?

Esas rúas costaneiras,
esas eirexas fermosas,
esas prazas feiticeiras;

eses ríos cristaíños,
eses brillantes viñedos,
eses floridos camiños. . .

Todo, todo traime vida,
as enerxías devólveme,
dáme a saúde perdida.

¡Dóce chan dos meus amores,
Deus te encha de bendicións
e che dea as ditas maiores!

¡E El-Señor queira tamén
que, ó morrer, fique o meu corpo
onde me fan tanto ben!

¹Poema do arquivo de Vales, depositado no Arquivo Municipal de Betanzos, escrito en 1929. Foi publicado no *Anuario Brigantino* de 1982 con algunha corrección lingüística. Con este poema e un debuxo de Veiga Roel, Vales elaborou unha tarxeta de felicitación. Nas primeiras versións dos poemas Vales utiliza acentos circunflexos para a contracción de preposición e artigo, apostrofes i gregos e vacilacións constantes.

Vésperas da Concepción²

Con paso preguizoso van saíndo
as devotas da eirexa. Un freire vello,
renqueando, arranxa o escano do Concello.
coa feble axuda dun meniño lindo.

Unha cega que estaba alí pedindo
marcha dando á súa neta bo consello,
e na pía da fonte -limpo espello-
quédase a lúa chea rindo, rindo.

Meia noite. Das campás silenciosas
van erguéndose nobres cabaleiros
i héroes de mil fazañas portentosas.
Enche o templo unha célica armonía

e de xionllos despido-los aceiros,
á Virxen renden todos preitesía.

²Soneto do arquivo de Vales, de 1929.



Xigantes e cabezudos. Foto cedida por César.

Dazaseis de agosto³


Xa os danzantes á Praza van chegando
ó son de ribeiranas e muiñeiras;
xa se están as fenestras atestando
de nenas de olladiñas feiticeiras.

Cruzan o espazo globos de mil cores
e ás mans non dan sosego os fogueteiros,
xa, por fin, aparecen os veedores
e o pendón da cibdade cos maceiros.

Ponse en marcha a brillante comitiva,
alcalde, rexidores, convidados,
milicias, danzas, músicas, xigantes. . .

(Logo comenzará a función votiva)
E no Campo, descóbrense, pasmados,
ó pasa-lo Concello os feireantes.

³Poema do arquivo de Vales, datado no ano 1929. Algúns destes poemas foron reproducidos no traballo *Vales Villamarín. Lembranza no centenario do seu nacemento*, publicación do Excmo. Concello de Betanzos, do ano 1991.



O Globo Grande de 1890, reconstruído por Alfredo Erias.

O globo grande⁴

Noite agosteña. O Campo ten a traza
dun verxel de feitizo, lexendario.
Enche o recinto o ledó vecindario,
que mira absorto os fogos do ar e praza.

Baixo dos soportás, certa rapaza
fuxe dun carreteiro tabernario,
e no balcón do vello campanario
vese como a curuxa anda de caza.

Unha bomba oise xa. Pende da torre
o xigante aerostato. A xente corre,
buscando posiciós máis vantaxosas.

Dá Claudino a apitada derradeira,
e rube ó espazo, ós sons dunha muiñeira,
o montgolfier de liñas maxestosas.

⁴ Esta composición foi lida por Pacita Fiaño na velada que en honor de Claudino Pita tivo lugar no cine Alfonsetti o 21 de xaneiro de 1933. O poema está datado en 1932 e forma parte do arquivo de Vales.



San Roque. Foto cedida por César.

Día do San Roque⁴

Recende a ermida a fiúncho e a loureiros
e repican os sinos xubilosos;
visten de gala as flores e, gozosos,
os paxaros fan coro cos gaiteiros.

Renden súa homenaxe os fogueteiros
e as danzas, cos bailados donairosos,
e reflexan os ríos, orgullosos,
o pracer da Cibdá dos Cabaleiros.

É a festa do Patrón, festa votiva
-promesa feita en días de tristeza,
en época anguriosa e aflitiva-,

e únse ó regocixo a Natureza,
dando a todos exemplo de fe viva,
de eterna gratitude e de firmeza.

⁴Soneto do arquivo de Vales, datado en agosto de 1934. Publicouse no *Anuario Brigantino* de 1982. Acompañado dun debuxo de Xosé Ramón constituíu unha tarxeta de felicitación.



Os Caneiros. Foto cedida por César.

A volta dos Caneiros⁵

Cal gaias e xentís avelaiñas
tornan as naus, ridoras e brillantes,
entre o aroma das brisas marmulantes
e o plácido fulgor das estreliñas.

Frotan no ambiente os cantos das Mariñas
-saudosos alalás, hinos vibrantes-,
e do Mandeu nas augas espellantes
tecen meigo tapiz as serpentiñas.

Todo animación é; todo algueireo,
solenes brindes, odes ampulosas,
églogas, serenatas, galanteo,

loita de luminarias caprichosas. . .
e os manes de Cupido e de Himeneo
presidindo estas horas deleitosas.

⁵ Soneto do arquivo de Vales, do ano 1934.



O Turito. Debuxo de José Ramón.



O Turito⁶

Foncho de presunción, rube a calzada,
seguido de infantil algarabía,
o muñidor da «Ilustre Confraría»,
que avisa prás funciós da Imaculada.

Chega á porta de casa brasonada
-bela mansión de ranza fidalguía-
e xurde, entón, a anterga melodía
do pífaro e tambor, alborozada. . .

Visita o da hopalanda ó cabaleiro,
do vigairo mostrándolle o mandato
i a bolsa aberta da piedosa esmola,

e cos menestrés volta pró mosteiro,
sempre co mesmo empaque i aparato,
sempre á cabeza de tronante riola.

⁶Soneto do arquivo de Vales, do ano 1934. Acompañado dun debuxo de Xosé Ramón foi utilizado como tarxeta de felicitación. Formou parte tamén dun pequeno folleto no que, xunto á composición, figuraba a partitura musical que executaban os dous instrumentistas que acompañaban o «Turito», e tamén a historia deste grupo desaparecido hai anos. Aparece en *Foro*, Publicación de Educación General Básica da Coruña, en 1979 ao lado do soneto «O vello Rilo» e baixo o título de «Un mestre poeta: Francisco Vales Villamarín». Hai diferencias lingüísticas entre a primeira e as últimas versións: o primeiro verso da primeira versión é «Foncho de vanidá, rube a calzada»; o verso número catro: «Que avisa prá función da inmaculada».



O Vello Rilo. Debuxo de Veiga Roel cedido por Dona Silvia Veiga Sánchez.

O vello Rilo⁷

Naceu -según é fama- aturuxando
e facéndolle chiscos á parteira.
Ensinoulles ós merlos a muiñeira
cando de pequerrecho iba co gando.

Foi un don Xoan Tenorio, namorando,
e un Marcial de calzón e de monteira,
e contaba no adral ou na lareira
historias da «facción» e o rei Fernando.

Sabía de memoria o *Ciprianillo*,
libraba da tirís e o garrotillo,
conxuraba os meigallos e o tronante. . .

E nas romaxes deste chan saudoso,
como gaitero enxebre e fachendoso,
non lle puxo ninguén nunca o pé diante.

⁷Soneto do arquivo de Vales, do ano 1934, publicado na revista *Foro* en 1979, acompañado dun debuxo de Veiga Roel.



O Maio de Betanzos. Foto cedida por Dona Consuelo Veiga Sánchez.

¿Cantámoslle o maio?⁸

Preto do adral do gótico mosteiro
paroume o ledro coro de pequenas,
e alí escoitei de novo as cantilenas
do noso arcaico e inxenuo Cancioneiro,

e vin durmir o Maio feiticeiro
baixo do arco de fiúncho e de verbenas,
nus os braciños, croado de azucenas,
semellando un querube de Ferreiro.

Ó rematar a clásica toada,
as meixelas da nena enchín de bicos,
despois de darlle a ofrenda merecida.

E cando se alonxou pola calzada,
locindo, fachendosa, os repinicos,
a Saudade deixoume a alma ferida.

⁸Soneto do arquivo de Vales, do ano 1935. Publicouse ao lado da partitura musical e letra dun cantar de maio, acompañadas dunha pequena historia da festa dos Maíos. Foi, máis tarde, cun debuxo de Ánxel Aller, unha tarxeta de felicitación de nadal. Publicouse, acompañado dunha foto na que aparecían nenas de Betanzos cantando o maio, na *Folla Anual da Agrupación Cultural Deportiva a Seca*, ano VI, nº 6, Pontevedra, 1991.



Caricatura de Fernando García Acuña.

Na redacción de «El Escobón»⁹

Á boa memoria de Fernando García Acuña e do seu fillo Fernando, compañeiro meu de escola primaria.

No regazo da noite estrelecida
dorme a ancestral cidade. A lúa chea
rise da parelliña que mocea
baixo un farol de luz esmorecida.

Renxe unha tosca prensa, xa vencida
polos anos de loita, e chapucea
nun anuncio de certa panacea
un aprendiz de face descorida.

Entra na imprensa, de carraxe roxo,
o novel xornalista, e un recanto,
sobre o papel desfoga o seu enoxo.

Ás caixas pasa o artigo, e mentras tanto
toma asento nun banco meio coxo,
fala de enviar a alguén ó camposanto.

⁹Soneto do arquivo de Vales, de 1935. Foi utilizado como tarxeta de felicitación das festas do Nadal do ano 1979.



Procisión. Obra de Sofía Feliú.

A procisión dos «Caladiños»¹⁰

Pola rúa seixosa e costaneira
pasa o cortexo, envolto en ladaíñas.
Van coas facianas baixas as meniñas
e tanxe a caixa triste, prañideira.

Arden varios brandós nunha vidreira
e entran na fila, como tres raíñas,
as fillas do notario de Cachiñas,
discreto secular da Orden Terceira.

O pé do Consistorio, a Nai chorosa
escoita «Stabat Mater dolorosa»
que con fondo fervor o «Eslava» canta,

mentras o astro da noite, esplendoroso,
dendes do azul infindo e misterioso,
baña en bicos de luz a imaxen santa.

¹⁰Soneto do arquivo de Vales, do ano 1935. Foi utilizado, máis tarde, xunto cun debuxo de Sofía Feliú, como tarxeta de felicitación.



Debuxo de E. de la Iglesia Caruncho.

Día de feira¹¹

*Todo el que se propone retratar
costumbres hace historia*

Unamuno

-¡Ó barato, rapazas, ó barato!

-¡Agulletas e mecha!

-¡Hala o cebolo!

-Neses cartos non vai. ¿Seique estou tolo?

-Leva os almallós, hom, ¡o trato é trato!

-¡Hola, Sabela! ¿Como queda o fato?


-¡Almas boas, mirai que desconsolo!

¡Socorrei ó ceguiño!. . . (Olla eiquí, Lolo,
que a xerra, ó parescer, ten un burato.)

Porcos, meias de la, pantrigo, zocas,
fouces, xugos, chedeiros, liño, rocas. . .
Vellos romances. Barrufeiros tesos.

Caciques aldeás -ventres inchados-
Labregas con cativos esfameados. . .
¡E o maínzo, no azougue, a catro pesos!

¹¹Poema do arquivo de Vales, de 1939. Publicado no número 42 da revista *Betanzos* do Centro Betanzos de Buenos Aires, no ano 1947.



Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade. Debuxo de Alfredo Erias.

Fernán Pérez de Andrade «O Boo»¹²

Na ríspida altivez da Leboreiro
-atalaia do seo brigantiño-
cal aguia caudal, fixo alí niño
este esgrevio e famoso cabaleiro.

Mariñán exemplar, sempre o primeiro
na protección e escora do viciño;
sempre a verba amorosa e de aloumiño;
sempre o recto orientar do conselleiro.

Nas loitas pola pose do meu pobo,
puxo ó noso servizo peito ardente
e a braveza sen par dun fero lobo.

Por iso daquel burgo a nobre xente
-humilde ou potentado, vello ou novo-
honrará a súa memoria eternamente.

¹²Este soneto non está datado no arquivo pero polas características lingüísticas debeu ser escrito na década dos trinta. Foi publicado en *El Eco de las Mariñas* o 1 de abril de 1956, e tamén no programa de Festas de San Ramón e Santa María de Vilalba no ano 1975.

No forno do «Trenco»¹³

-Falta unha presa de masa
para a Virxe das Angustias
-dinlle á señora Martiña-
no forno da Fonte de Unta.
-Eu xa deixo na boeta
-berra a vella «Parafusa»-
os uchavos que me deron
no enterro da tía Catuxa.
-¡Ai, Xaquín, como estás hoxe!
Esta proia non me gusta;
ten un dedo de becerra,
¡Que feitos! ¡Véigate Xuncras!
Non piso máis estas lousas,
¡inda me vexa defunta!
-Neniña, fai o que quieras,
pero eu non che teño culpa
que a leña veña mollada
e non arda anque cha zurzan.
-¡A ver! ¡Basta de palique!
¿Onde está o pan de mestura
que tiña nesta pandoira?
¿Entrou aquí algunha lurpia?
-¿Sabes que tes bo arruallo?
¡Facedes cada pregunta!
Fala co cocho da «Merla»
ou confesa á túa cabuxa,
que sempre entran a lamberme
toda-las olas e cuncas.

¹³Poema do arquivo de Vales, de 1957. Foi publicado no xornal de Santiago *La Noche*, o 12 de agosto de 1957.

-¿Cando vai a miña andaina?
 -Dentro de media hora xusta.
 -E non fagas como antonte,
 que o senso tiñas na lúa,
 pois de trasnoca atopei,
 ben o sabes, unha ducia
 de regueifas, tres moletes
 e o sangaño de Cesuras.
 -Aí tes esa patarexa;
 queda o aceite nesta alcuza.
 -¡Semella a roda dun carro!
 -¡Vaia, recorcio, o que arrumba!
 Fai falla para ela sola
 un forno como Espenuca. . .
 -¿Seique hai festa en cas Cachón?
 -¿Quen se casa, miña rula?
 -¡Tanta historia para nada!
 ¡Tedes boa gana de músicas!
 Levo présa, e voume xa.
 ¿Cando volvo?

-A eso das dúas.

E como un lóstrego sai
 a rapaza cara a rúa.
 Xunta o Picho canta un galo
 e un can sacódese as pulgas.

Viño aberto¹⁴

*A Emilio Merino, apaixonado brigantinófilo,
 en testemuño de admiración e afecto*

Ramallo de loureiro sobre a porta
 e a saba familiar cobrindo a entrada.
 Chourizos e roxós. Ole a empanada,
 e na fustalla, o néctar que conforta.

Moulando nun codelo, ó dreito da horta,
 entra na adega Fuco o de Chantada
 e toma asento, ó quente da larada,
 no tallo feito dunha cepa torta.

-Ponme, se che parés, eiquí un netiño,
 que a codia non me corre sen o viño.
 -Con este xa son seis, contando os de onte.

-¡En bastos! -berra o Goros, arrotando-.
 -¡Ouh¡, ti, que vés de fóra, ¿que di o bando?
 -Que coa traída xa nos sobra a fonte.



¹⁴Este soneto apareceu publicado en *La hoja del lunes*, o 16 de agosto de 1971, dedicado a Emilio Merino. Vales formou con el, acompañado dun debuxo de Xosé Ramón Villar Chao, unha tarxeta de felicitación.



O Gamachiño. Debuxo de Alfredo Erias.

O Gamachiño¹⁵

Facendo garatuxas, mil acenos,
xurde do fato o inqueda gamachiño
fiel trasunto dun mouro demachiño
que vén tentar a grandes e pequenos.

Sacode co galleto ou cos cotenos
a quen se lle atravesa no camiño
e arrechégase ás mozas, demansiño,
lembrándolles devasos e rabenos.

Asaña ós danzarís e ó da bandeira
coas súas incordiantes pallasadas,
coa sempre bufonesca brincadeira.

E estala en estrondosas gargalladas
ó bater cos cornechos na moleira
dalgún dos que contemplan as bailadas.

¹⁵Con este soneto, acompañado dun debuxo de Sofía Feliú, Vales fixo, en xuño de 1980, unha tarxeta de felicitación, figurando nela tamén a historia deste personaxe, representación de Lucifer, que formaba parte da agrupación coreográfica pertencente á confraría dos mariñeiros de Betanzos.

XENTE COÑECIDA



Veiga Roel caricaturizado por Cebreiro.

Pepe Veiga¹⁶

Gran amigo da caza, cal Alonso Quixano,
correu o corzo alíxero nas fragas de Belén;
sigue a gloriosa senda de Goya e do Tiziano
i é -como a min me praxe- galego cen por cen.

¹⁶Poema do arquivo de Vales, acompañado do debuxo de Cebreiro. Asina como V. todos os poemas de Xente Coñecida. Ano 1948.



*Leandro Pita. Debuxo de Veiga Roel cedido por
Dona Consuelo Veiga Sánchez.*

Leandro Pita¹⁷

Veu da vila de Ortigueira
coa súa gorra de prato;
pescouno unha betanceira
de mirada feiticeira,
e . . . ¡acabouse o celibato!

¹⁷Poema do Arquivo de Vales, acompañado dunha caricatura de Veiga Roel, cedida por Dona Consuelo Veiga Sánchez. Asina como V. Ano 1949.



Raúl Fernández Meás. Caricatura de Xosé Luis Muñoz Vales.

Raúl Fernández¹⁸

Como quen non quer a cousa, paseniño, paseniño,
vai inzando de rodrigas a bisbarra mariñá.
¿Que nos *lupuliza* todo? ¿Que imos a quedar sin viño?
¡Fóra penas! Beberemos... auguiña de Picachá.

¹⁸Poema do arquivo de Vales, acompañado dunha caricatura feita por Xosé Luís Muñoz Vales. Ano 1952.



Francisco Carlos Seixo (Carlines) caricaturizado por Andrade.

**Francisco Carlos Seixo
(Carlines)¹⁹**

Rezuma humor a súa prosa,
é un debuxante xenial
e rexe a «Rondalla Nosa»
-esa agrupación famosa-
de maneira maxistral.

¹⁹Poema publicado no *Anuario Brigantino* de 1981, p. 175. Vales asina como V. Ilustra Andrade.




Manolo Villuendas caricaturizado por Xosé Luis Muñoz Vales.

Manolo Villuendas²⁰

El é o meu brazo dereito
no seu papel de impresor.
Saille o corazón do peito
e irá ó ceio satisfeito
se leva o compoñedor.

²⁰Poema publicado no *Anuario Brigantino* nº 6, do ano 1983. Ilustra Xosé Luís Muñoz Vales.



Xaime Pita. Debuxo de Xosé Luís Muñoz Vales.

Xaime Pita²¹

Extraordinario globista,
de sona internacional.
Non o perde a O.N.U. de vista,
pois, según din, xa ten lista
unha lúa artificial.

²¹Publicado no *Anuario Brigantino* de 1988, acompañado dun debuxo de Xosé Luís Muñoz Vales, p. 166.

OUTROS POEMAS

Ó meu amigo Antón

Explorador dos «Destellos»²²

Non te fíes meu Antón
nas rapaciñas da vila
que todas son mal fraguadas
por abaixo e por arriba.
Unhas teñen o corpiño
tan dereito e tan bonito
que se llo miras por drento
no che val siquiera un pito.
Ay algunhas
tan descaradas
que nin o deño
has fai estar caladas.
En cambio outras
que son caladas
andán con elas
sempre a patadas:
se che conto Antón
o que me pasou
na fonte do Campo
co demo pasmou.
Unhas a pelouros
outras a pedradas
andaba o diante
por xunta as rapazas.
Por eso che digo Antón
que non te fíes nelas nunca
que cando comen o caldo
sempre piden outra cunca.
¿E por qué será?
Porque queren engordar
por non poñer os trapiños
que non lles cayan ó andar.

²²Poema publicado en *Destellos Juveniles*, 8 de outubro de 1905. Asina Rinmallavi.

Sin título (Música de La Vuelta al Mundo)²³

UNO

Estando eu ayer tarde
Nunha calle aquí,
vin tirar dunha casa
«Colonia» de bacín.
Sorprendido quedeime
cando tal cousa vin,
que, tapando as narices
fuxín presto dalí.
Y ó tempo que marchaba
eu decía pra min:
¡Ojalá fora alcalde
pra facelos cumprir!

CORO

Con certas personas
horror dá vivir,
pois poñen, de veras,
a vida nun tris.

²³Sección «Caricias», *La Aspiración*, 23 de maio de 1909. Asina Efe.

OTRO
Decían que á «Teixida»
un vago afilador
cortáralle o gañote
aló en San Pantayón.
Mais o día da feira
xa andaba por acó,
resultando que o «crimen»
non se verificou.
¡Abofellas vos digo
de todo corazón
-sin desear mal a naide-
Que estaba ben aló!

CORO
Con certas personas
horror dá vivir,
pois poñen, de veras,
a vida nun tris.

Palique²⁴

-Ola, Antón, ¿como che vay?
-A min ben; ¿e a ti meu Goro?
-Home non é moita cousa
fay us días.
-¿Que tes logo?
Fálame con gran franqueza,
¡ay!, fálame non seas bobo
que se en algo che son bo
estou dispostiño a todo.
-Xa sabes que ó pé da casa
hay rincós como demonios,
donde non hay can nin gato
que non faga o que os porcos.
De tantas e tan distintas
materias, formouse un foco,
que fay imposible a vida
na miña casa.
-¡Recorcho!

¿E logo por que non contas
eso ó alcalde do pobo?
Fálalle e entón verás
como che cumpre muy pronto
a petición que lle pides,
que, a fe, pra eso val moito.

²⁴Sección «Caricias», La Aspiración, 8 de agosto de 1909. *Por los interlocutores, asina Efe.*

-Tes razón no que dixeches,
pero si o alcaldiño noso
multara desde un empezo
a todo aquel asqueroso
que fixese porquerías
neste sitio como en outro,
non porque eu agora sufrira
esta enfermidade de tomo
e lomo, que, calquer día,
vanme atopar máis que morto.

.....

Bueno, ¡adiós!, que xa me é tarde,
outra vez xa habrá máis contos.

-Adiós logo, que millores,
meu amiguiño Gregorio.

¿Enigma?²⁵

-¡Aquí a cera! ¡Alí os lacós!
¡Naquel outro lado os queixos!
¡Os chourizos no rincón!
¡Os hovos naqueles cestos!
¡As galiñas, os marráns,
os cabalos e os becerros
metédeos na corte grande
e na pequena os conexos!
¡O maínzo nesas arcas!
¡Nas outras trigo e centeo!
¡E xunta min, nestes sacos
votade todo o diñeiro!. . .

Vostedes xa sabrán quen
é o que fala deste xeito.
E si no saben consiste
en ir hoxe aló á fray Pedro.

²⁵Sección «Caricias», La Aspiración, 3 de abril de 1910. Asina Silvano de Leonisa.

Fragmento²⁶

-¿Que dan por este lacón?

-¡Oito perras!

-¡Dous rayás!

-¡Dous e un chico!

-¿Nhay quen dé

nin unha moneda máis?

Queda por este. Unha ducia

de hovos e un galo ¿que dan?

-¡Cinco reás e tres perras!

-Veñan.

-Ahí ten.

-Ben está.

¿Este lote con tres queixos,

dúas galiñas, a mitá

dun porco e catorce restras

de chourizos?

-¡Un real!

-Oyes ti, fillo de naide,

se baixo de aquí verás

como che poño as costillas

máis negras que o meu sayal.

-Ay, señor, pois faga a proba.

-Larga de diante, larchán.

Vamos ¿canto dan por ésto?

-¡Dúas pesetas!

-¡Xa, xa!

²⁶Sección «Caricias», *La Aspiración*, 17 de abril de 1910. Asina Silvano de Leonisa.

Paso. . .²⁷

*Ó meu amigo preceutor,
D.Ezequiel Suárez Blanco,
afeutuosoamente*

¡Paso xa, paso ó sino do Progreso,
paso ó enxendro da Céncea luminosa,
paso ó mostro de ferro de mil dentes,
paso á inxente e velós locomotora!. . .
¡Paso ó negro titán, ó Rey do mundo,
ó Señor de esplendente executórea,
paso ó fruto do xenio subrimado,
ó xigante de forza arrolladora!. . .
¡Paso, paso!. . . Deixade que, por veigas,
por prados, e por soutos, e por chousas;
antre pinos de edénica fragáncea;
antre anosos carballos e antre frondas;
antre leiras cubertas de pan áureo,
regatos marmulantes e congostras;
antre roxos cabazos de ben cheos;
antre vivendas doces, garimosas;
antre ermitas homildes, solitáreas,
e cruceiros bicados por devotas;
antre pródegos pazos,
e muíños, e frores olorosas,
e paxaros, e nenas feiticeiras,
con liberdade corra. . .

²⁷ *Nueva Era*, 6 de maio de 1913. *Gaceta de Galicia*, Diario de Santiago, 28 de maio de 1913. Asina Silvano de Leonisa.

Que corra, si, sin resollar anaco,
 cal rayo, nunha noite tormentosa. . .
 ¡¡Escoitade, escoitade!! . . .
 Lanza berros de gloria:
 son celtas aturuxos
 e, de ducias de gaitas, ledas notas. . .
 Paresce que van dentro do seu corpo
 as romarías todas da redonda. . .

.....
 Mais, ¿que tendes?... Quizaves un disgusto...
 ¡Ah!, xa me procatey. . . Xa din na conta. . .
 ¡Que menucias vos tran tan descontentos!. . .
 ¡Canto plañir por tan cativa cousa!. . .
 ¡Arriba os corazóns, presto, rapaces;
 matade esa senreira deshonrosa!. . .
 ¿Que si tivemos, cuasi, unhos des lustros
 de espera?. . . ¡¡Non importa!! . . .
 ¡¡¡Paso ó mostro de ferro de mil dentes!!!. . .
 ¡Nunca é tarde -alí din- si a dicha é boa!. . .



Vales visto polo seu sobriño, Eduardo Muñoz Vales.

A Pátrea²⁸

Escoita, tenro infante, a vos agarimosa,
a fala doce e leda da nosa Pátrea Nai;
escoita os seus arrulos de pomba querendosa;
repara, miña xoya, nas festas que che fai.

¿Ti ves coma te coida? ¿Ti ves coma te garda?
¿E ti ollas coma busca o teu contino ben,
librándote de xentes de condiceón bastarda
e sendo, do teu corpo y esprito, bo sostén?. . .

¡A PÁTREA, nome santo, palabra arroubadora,
que soa cal arpexio de célico laús,
e que fai saír, a centos, da mente nonde mora,
ideyas xigantescas, pretóricas de lus!. . .

Ti debes, pois, filliño, cal compre á yalma grande,
corresponder lixeiro a tan ardente amor;
con bríos defendela, aló cando ela mande;
morrer se é necesario, que o sacrificio é honor.

²⁸En folio mecanografado, Betanzos, novembro de 1916. Asina F. Vales V.

¡Olla co esa pécora!

Lema: Rosa.

Revolvendo, unha noite d'inverno
en vellos papeles,
xa roídos algúis pol-os ratos
e inzados de vermes
atopei, moi atada con trenzas,
a historia seguinte,
que é o remate, curioso por certo,
según pode verse
do poema xenial titulado
"Contos das mulleres";
d'esa obriña tan chea de vida,
tan pura y-enxebre,
que o Mistral galiciano compuxo
pra nos entretere
c'os seus cadros de lus y-armuñías
que saben a meles.
Eu non sei si dirá o bon don Xuxo
contr'o seu chaleque,
dend'o posto que na Groria ocupa
- que é posto de reises -

Poema
autógrafo.

¡Olla co esa pécora!²⁹

Revolvendo, unha noite de inverno
en vellos papeles,
xa roídos algúis polos ratos
e inzados de vermes,
atopei, moi atada con trenzas,
a historia seguinte,
que é o remate, curioso por certo,
según pode verse
do poema xenial titulado
«Contos das mulleres»;
desa obriña tan chea de vida,
tan pura y enxebre,
que o Mistral galiciano compuxo
pra nos entretere
cos seus cadros de lus y armuñías
que saben a meles.
Eu non sei si dirá o bon don Xuxo
contra o seu chaleque,
dende o posto que na Groria ocupa
-que é posto de reises-:
«-Ben mirado, é moi grande ousadía
a de certas xentes». . .
Mais si chega a pensar de tal xeito,
quero eu que se entere
que é este tema, solíño, o culpabre
de canto socede
y esto dito empecémo-lo conto,
¡E Dios diante sempre!

²⁹Poema premiado nos Xogos Florais de Lugo de 1923, presentado co lema «Rosa».

I

Pois, señor, quen tivera
o gusto de pasar ós poucos anos
da morte de Rosiña da Labrada
pola casa que chaman do Fidalgo,
vería con asombro
nun curro do sobrado
coma a tía Grabiela de Cancelo,
muller que, según din, pautou co diaño,
facíalle á Tomasa
unhas cruces nas mas cun dente de allo.
O por qué desta rara ciremonia
fácil é adiviñalo:
a rapaza está tola por casarse,
pero os mozos non paran ó seu lado.
Mala abella foi sempre,
y agora encontra o pago.
Chamou á sabia, de carraxe chea,
pra que lle esconxurase aquel meigallo,
porque ela na cachola ten metido
que algún a enfeitizou á veira do adro.
¡Meu Dios, o que esa vella desdentada
no seu corpiño leva manciñado. . . !
non polo interés da nena, ¡vaiche boa!,
sinón por mor dos cartos;
que hastra as meigas traballan con máis ansia,
si ven que na falchoca métese algo.
Doulle a beber, mesclados con vinagre,
os ollos de tres sapos;
coseulle no xustillo os evanxelos
y unha bolsa cun feixe de achifánfanos:
cornos de vacaloura,
follas de ruda e de herba dos encantos,

un óso de difunto
y os bigotes dun gato;
fíxoa andar nove noites
ó redor dun carballo,
levando na man dreita un cirio aceso
e na esquerda. . . un queixiño ben curado,
porque ó millor o demo tiña fame,
y a vella non quería disgustalo
mandouna a San Andrés y a Pastoriza
cun hábito mourado,
e tivo que subir arrudillada
¡pásmate ti, leutor, ó Monte Xalo. . . !
Mais os homes non «pican»,
y a probe da Tomasa está acabando,
Dios sabe si é por causa dos desprezos
ou si é porque os remedios a amolaron.

II

Morreu xa a rapaza, vexamos agora
que sorte lle espera nos quintos infernos,
pois no Paradiso non deixan meternos
si a folla da vida limpiña non vai;
y a que tén Tomasa tan moina se atopa,
está tan luxada, que dá noxo vela,
e no hai, ¡abofellas!, por onde collela
¡Mirade o Xudas, ben sabe o que fai!

O demo encagado da Segredaría,
poñendo unha cara de axente do fisco,
botóu nun cuaderno de apuntes un visco
e díxolle á moza con áspera vos:
«-Según o disposto nos nosos concellos,
non debe, señora, quedar nesta casa;

xa pode volveuse, que eiquí naide pasa
 coa yalma tan chea de envexa e traiciós.
 «-Mais antes agarde, fai falla que leve
 do sitio onde estivo profundo recordo».
 Y un berro soltando dos que deixan xordo,
 doulle a un taravelo y a fenestra abreu.
 Tomasa daquela ver puido unha escea
 que no mesmo Ceo dino asento tiña:
 As bodas solenes de Xan e Rosiña,
 a tenra parexa que tanto sofreu.
 Os anxes rodean ós dous namorados,
 cantando e brincando con grande ledicia.
 Un santo na outura dá un ¡viva Galicia!
 oise un aturuxo y un meigo alalá.
 As cóncogas soan, estalan os fogos,
 non dan pas ós dedos os sagros gaiteiros,
 e nun refulxente trono de luceiros
 a dos Ollos Grandes persidindo está.

III

Como unha mona, corrida,
 do inferno a Fidalga sal.
 Atopou eiquí acollida,
 por eso temos na vida
 quen nos aconselle mal.

Lembranza³⁰

No primeiro centenario da morte de Pestalozzi

Neste día solene, nesta brillante festa,
 baixo o palio dos ceos, no meio da froresta,
 tremendo de emoción,
 pídvos un recordo sentido, querendoso,
 pra aquel que á meiga infancia, cal un pai garimoso,
 quixo de corazón.
 Cen anos van cumpridos do seu fenescemento,
 y os que as doutrinas súas, con gran contentamento,
 seguiron hastra eiquí,
 adícanlle homenaxes cheos de gratitude,
 louban a súa cencia, gaban a súa virtude,
 grorificándoo así.
 E nós, aporveitando esta xuntanza grata,
 onde están mesturados cabelos de ouro e prata,
 entoemos tamén
 coa yalma de xionllos un hino homilde e xinxelo
 ó Mestre esgrevio e santo, de apóstoles modelo,
 ó autor de tanto ben.
 ¡Gloria, pois, meus nenínos, ben amada semente,
 ó xigantesco Xenio, ó esprito máis inxente
 da nova Educación!
 Xuremos emulalo por ben da nosa Terra
 e, como el, á iñorancia decraremo-la guerra
 con cívico tesón.
 Rendamos á Xusticia un culto permanente;
 vexamos no Traballo un honor inmorrente,
 y esperemos en Dios.
 E inda que nos ofendan cen veces na xornada,
 suframos resinados a saña malfadada,
 que esta é a proba dos bos.

³⁰No arquivo de Vales.

O sentir dun picariño

*Ó mestre*³¹

Neniño galego, do agro ou da cibdade,
eu téñoche un mestre. . . ¿Qués saber come é?
Garimoso, ledó, con rexa vontade,
e no porvir noso con inmensa fe.
Cheo de enxebreza, perito na cencia,
sano conselleiro, nobre, servicial,
sin vicios, nin lixos na súa concencia
y amigo de todos, como é natural.
Eu coido que naide cal el sabe a fala
tan meiga e tan doce dos nosos abós.
Eu con el somente deprendín a amala
y a empregala sempre que falo con Dios.
Xa ves que relouco de fonda ledicia
ó estarche contando súa historia sinxel.
¡A Groria sería daquela Galicia
si todo escolante fixera como el!

³¹Poema escrito na década dos corenta, 194?.

O novo concello³²

Soio dúas verbas, en tono baixiño
-eiquí, que naide oie-, ó novo Concello,
verbas ateigadas de fondo cariño,
que levan, de paso, o saber dun vello.
Non é o pobo noso campo de experiencia,
tea en que se poida tallar a pracer.
Moito coidadiño co esta sagra herencia;
dela en todo tempo hai que responder.
Nada de reformas ultramodernistas,
fóra o tecnicismo sen senso e sen arte;
veñan sempre os modos sinxelos, simplistas;
o demais deixalo pra Venus ou Marte.
Eu coido que todos estades comigo,
e moito cerebro que esto sexa asín.
Entón xa me sento e a charla non sigo
¡Betanzos de embora!. . . ¡Que festa pra min!. . .

³²Poema escrito o 2 de febreiro de 1958. Arquivo do autor.

O meu brinde³³

Con gozo e emoción sin par
ergo eiquí a cunca do viño
polo esgrevio conveciño
que preside este xantar.
Que é cidadán exemplar
sabémolo todos ben,
e coñecemos tamén
o seu grande valemto,
mais encol do casamento
non pesca nada ninguén.

³³Poema autógrafo, datado en Betanzos, o 3 de marzo de 1963.

Sen título³⁴

*Ó meu admirado amigo Antonio Noguero Otero,
cunha fortísima apreta*

Querido Antón: Gracias mil
por ese soberbo envío;
mais metíchesme nun lío,
que non sei como saír dil.
É unha prenda tan xentil,
tan de vanguarda e xeitosa,
que a quere para si Rosa
e alguén máis da xente miña.
¿Que debo facer, vidiña?
¡A cousa é dificultosa!

³⁴Poema sen título, escrito na Coruña, no mes de novembro de 1964. Arquivo do autor.

**¡Que festa, rapaces!
(Estampa do Nadal)³⁵**

Á roda, rodiña,
á rodiña, roda!. . .
Dixo o señor mestre
que non hai escola.

-¡Que festa, rapaces!
¡Que día de troula!
¡Veña un aturuxo
e. . . veña outra volta!. . .
¡A buscar carriza
pola carballoa!
¡E non esquezades
fieitos e queiroas!
Este Nascimento
ha de ser de sona,
¿non si, Ramonciño?
Pero, ¿que tes? ¿choras?
Conta o que che pasa.
Di, ¿por qué saloucas?

-É que don Queitano. . .
¡Boh!, dáme vergoña.

-Fala, hom, e non temas.
-Destonces escoita:
¿Podo se-lo Neno
en troques do Froila?

³⁵Poema escrito en 1965. Arquivo do autor.

-Eu coido que sí,
e fareillo agora
presente ó escolante,
que está aí na porta.
Xa ves como ten
bon amaño a cousa.
¡E aleda esa cara,
que hoxe é a Noiteboa!. . .
E virán os anxos
a canta-lo Groria
e o tío Xacobe
coa súa zanfona,
e haberá pandeiros,
ferreñas e cónchegas,
e ti sorrirás
á xentiña toda
déndesde estas pallas
probes e homildosas.
¿Contento, querido?
-¡Que bon es, Xanocas!
Deixa que che dea
unha apreta longa.
¿Unha apreta dixen?
¡Moitas! ¡Moitas! ¡Moitas!

A lúa asoma a faciana³⁶

A lúa asoma a faciana
por acima dos picotos.
Acode tamén á festa,
pois quer troulear como todos.

Puxo a roupa das romaxes
-dengue, mantelo. . ., ¡un tesouro!-
gardada na hucha vedraña
entre xarxa e cabrinfollos.

Aí a tedes, peneirándose
no limpo ceo de agosto
e dando ó vento aturuxos
como o máis barudo mozo.

As estreliñas, ó vela,
achéganselle nun sopro,
gabando a súa fermosura
e a xentileza do corpo.

Choutan, rebuldan e brincan
cal ovelliñas no souto,
e xogan con ela á rolda
cantando todas a coro.

³⁶Poema escrito no ano 1973. Arquivo do autor.

Xaquín Vaamonde
(«Silvio Lago»)³⁷

In memoriam

Veu na fidalga Cruña a luz primeira,
iniciándose eiquí na arte de Goya.
Emigrou e no exilio, ¡miña xoia!,
foille soio a Saudade compañeira.

Loita, falta de paz, xeira tras xeira,
e vendo que non ten quen del se doia,
volta, denantes que a morriña o roia,
ó agarimo da Terra feiticeira.

A Galicia chegou e meiga fada
prestou ó artista cálida acollida,
que así acadou a sona desexada;

mas a Intrusa -crüel, sempre temida-
ó elexido dos deuses, despiedada,
arreatoulle ó pouco tempo a vida.

³⁷Poema escrito en 1973. Arquivo do autor.

Sen título³⁸

*Á distinguida pintora extremeña Sofía Feliu,
dilectísima amiga e apaixonada brigantinófila*

Os cabazos, congostras e rueiros,
os recantos urbanos, os cruceiros,
as humildes ermidas, a pontiña,
a vella gabexando na cociña,
os ríos cristaiños, marmulantes,
o vedraño patrucio, os feireantes,
as neniñas do «Maio», o gamachiño,
a adega onde rebulda o noso viño,
son temas que esta artista laboriosa
nos seus belidos lenzos nos amosa.
E eu quero agradecerlle fondamente,
no meu nome e tamén da miña xente,
o cariño que pon, o inmenso celo,
en canto afecta ó ámbito garelo.

³⁸Poema sen título, escrito no mes de Xaneiro do 1979. Arquivo do autor.

Á Rondalla Nosa³⁹

Moitas, moitísimas gracias
por tan espléndido obsequio,
por esta fina atención;
singular proba de afecto
que vén encumear a un home
certamente asaz modesto.
Pasei, queridiños meus,
uns deleitosos momentos,
escoitando a maravilla
do cautivador concerto,
que aplaudirían, sen dúbida,
os mesmos anxos do Ceo.
¡Que nenas tan feiticeiras!
¡E como moven os dedos!
¿E este pequecho de diante?
¡Recorcio! Dá o xenio velo.
¡Que dóce cadencia arrinca
do seu feituco instrumento!
É algo que fai rebrincar
o corazón aló dentro
e escorrentar da moleira
mouros e ruís pensamentos;
algo, en fin, fóra de serie,
en expresión destes tempos.
¿E que direi eu agora
dos rondallistas máis vellos?
Coas guitarras e alaúdes
son verdadeiros portentos.
¡Que filigranas as súas!
¡Que trinos! ¡Que arpexos meigos!

³⁹Poema escrito o 4 de outubro de 1980. Arquivo do autor.

Sen título⁴⁰

Dilectísimos amigos,
entrañabeis camaradas,
brinco, ¡abofé!, de contento
nesta simpática data
e sómome, emocionado,
á vosa festa rachada.
Bombas de palenque a ducias,
misa solene con práctica,
xantar cuasi pantagruélico,
viño a eito, larpeiradas:
todo canto se apetece
eiquí neste val de bágoas.
¡O que dirá San Pancrancio
ó observar fartura tanta,
ó ver tanto regocixo,
tan radiante venturanza!
«-¡Quen me dera estar convosco
e botar unha bailada!
O Señor aplaudiría
-teño delo seguranza-
e San Pedro, o Bon Chaveiro,
o home das guedellas brancas,
o patrón dos de obra prima
desa fermosa bisbarra,
desa mariñana terra,
de belezas ateigada,
guindaría ós catro ventos
dende a súa célica estancia,
un rexo e baril atruxo

⁴⁰Poema sen data, composto para a festa de San Pancrancio. Arquivo do autor.

como un mozo da montaña,
 como un rapaz deses eidos,
 como un corista de Cántigas.»
 Esto dito, o noso santo,
 o nobre varón sen mácula,
 abogoso e milagreiro,
 satisfeito da xuntanza,
 compracido en grado sumo
 e ledado como unhas pascuas,
 imparte a súa benzón
 garimosa, afervoadada,
 a este fato de garelos,
 que, unidos en corpo e alma,
 defenden con dentes e unllas
 os intereses da patria
 e en especial os da vila
 que con paixón idolatran,
 desde Betanzos saudoso,
 xoia da inmorrente España.



Carta da Pardo Bazán dirixida ao xove Vales.

Sen título⁴¹

*Ao meu entrañábel neto Miguel Anxo
e á súa xentil e churruqueiriña prometida,
no venturoso día do seu enlace matrimonial.*

Dende estas galaicas terras,
que tanto amou Rosalía,
mando a miña noraboa,
cordialísima, efusiva,
grandemente afervoadada,
á garrida parelliña
que uneu hoxe os seus destinos
nesa encantadora vila,
con benzón do Redentor
e a ledicia da familia.
E con calor pido ao Ceo
que sexa eterna tal dita
e que da mesma disfruten
as xeracións sucesivas.
E agora un favor suplico
-cousa non creio abusiva-:
que nas nosas oracións,
nas preces de cada día,
teñades para este vello⁴²,
xa encetado de polilla,
unha pequena lembranza,
dóce como unha caricia,
para que o Señor o acolla
na súa Patria divina.

⁴¹Poema sen data. Arquivo do autor.

⁴²Nunha corrección, o poeta cambia a palabra «vello» por «vedraño».

Sen título⁴³

Dilecta e admirada Luísa,
moito, moito che agradezo
esta túa xentileza,
esta gran proba de afecto.
¡Que Deus cho pague, rapaza,
agasallo tan soberbo!
A túa bondade é infinita
e o teu agarimo inmenso.
¡Mil e mil gracias de novo!
Non sei como pagar esto.
Mas se me atopo, con forzas
e estou un pouco máis crecho,
prometo corresponder
ó extraordinario obsequio.
Teremos un xantar magno
con empanada de reo,
e non faltará tampouco
o noso Lacón con Grellos;
queimada, boa queimada,
de augardente betanceiro,
e todos, moi certamente,
chuparémonos os dedos.
E aquí remato, señores,
para que non digan que o vello
está dando unha tabarra
cos seus cantares de cego.
¡Que aproveite, que aproveite!
E vaia un abrazo rexo
e para Luísa, biquiños,
moitos biquiños, a cento.

⁴³Poema escrito no ano 1981. Arquivo do autor.

ÍNDICE

	<i>pág.</i>
Introducción	5
Estudio.....	9
Poesía inédita e dispersa.....	59
Estampas Betanceiras.....	61
Xente Coñecida.....	95
Outros poemas.....	109



ESTE LIBRO
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NOS TALLERES DE LUGAMI
EN BETANZOS
O 25 DE MAIO DO 2000